

> 2	INTRODUCCIÓN
> 4	<b>CONSULTAS E QUEIXAS</b> CONSULTAS QUEIXAS
> 35	<b>ANÁLISE DE DATOS</b> CASOS POR COLECTIVOS CASOS POR CAMPUS CONSULTAS POR COLECTIVOS QUEIXAS POR COLECTIVOS CASOS POR SEXO CASOS POR ÁREA TEMÁTICA CASOS POR CENTROS CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS TEMPO DE RESOLUCIÓN ACTUACIÓNS POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO
> 43	<b>RECOMENDACIÓNS / SUXESTIÓNS</b>
> 43	<b>OBXECTIVOS</b>
> 44	<b>PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO</b>
> 46	<b>ANEXOS</b>



## **VALEDOR UNIVERSITARIO** MEMORIA SETEMBRO 2015 / AGOSTO 2016

O artigo 22 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle que “O valedor universitario presentará unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña”. Cumprindo, pois, co establecido, na presente memoria resúmense os casos tratados na Oficina do Valedor Universitario e as recomendacións e suxestións formuladas durante o curso académico 2015/16, ao tempo que se presentan os obxectivos para o curso 2016/17.

O contexto normativo cambiante ao que se enfronta a comunidade universitaria en cada curso académico pode chegar a condicionar en gran medida diversos sectores da comunidade universitaria, que teñen que adaptarse aos cambios ou prepararse para afrontalos no próximo curso, dependendo da súa entrada en vigor.

Durante o curso académico 2015/16 non se ditou ningunha norma de rango superior de relevancia referida especificamente ao ámbito universitario, pero si cómpresinalar a publicación de dúas leis e un real decreto lexislativo que afectan ás Universidades en tanto que son administracións públicas do Estado, aínda que a maior parte dos seus preceptos non entrarían en vigor até comezos do curso 2016/17. Trátase da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, entre as que se distribúen as normas básicas sobre organización administrativa e, finalmente, do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Esta pequena tregua lexislativa foi aproveitada pola Universidade da Coruña para efectuar modificacións de certo calado nalgunhas das súas propias normas, entre as que destacan: a) a Proposta de norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016, pendente de aprobación polo Consello Social); b) a Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao e do traballo de fin de mestrado universitario (Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016); e c) o Regulamento de avaliación por compensación (Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016).

Coa entrada en vigor destes cambios normativos (que tampouco se producirá ata o curso 2016/17), corríxiranse algúns dos problemas ou disfuncións que se detectaran ao longo dos últimos anos e sobre os que xa nos levabamos feito eco desde a nosa oficina. Son normas perfectamente homologables ás do conxunto das universidades españolas, que mesmo melloran substancialmente nalgúns aspectos os seus estándares de calidade no que se refire ao respecto polos dereitos e liberdades (maior autonomía do alumnado para matricularse do TFG, vinculación da cualificación necesaria para o aprobado por compensación á media das cualificacións acadadas na materia que se vai compensar polo conxunto do alumnado...). Porén, penso que no réxime de dedicación e progresión do alumnado que se recolle na Proposta da norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión na UDC (que modifica e compendia a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña aprobada en Consello de Goberno o 29 de maio de 2012 e a Normativa de permanencia de estudantes de grao e mestrado na Universidade da Coruña aprobada polo Consello Social o 27 de marzo de 2014) persiste nunha restrición innecesaria e excesiva das liberdades (e, polo tanto, tamén das responsabilidades) deste colectivo sobre a organización e mesmo sobre a posibilidade de afrontar e continuar a realización dos seus estudos, tanto polo que se refire á súa compaxinación con outras actividades (formativas, sociais...) como a poder compatibilizalos con importantes necesidades (laboral, coidado de familiares...). O traballo somerxido é, lamentablemente, o único recurso que permite estudar a decenas ou centos de estudantes na nosa universidade, e quen se ve obrigado a practicalo –moitas veces con total dispoñibilidade horaria–, está forzado a matricularse dun número de créditos maior do que realmente pode afrontar económica e/ou académicamente (máis de 48 créditos), o que deriva con frecuencia en situacións de abandono, precipitadas por ter que facer fronte aos elevados prezos que debe pagar por segundas e sucesivas matrículas nas materias que non consegue superar.

Tendo en conta que a permanencia do alumnado nos seus estudos xa vén condicionada pola superación dun determinado número mínimo de créditos en determinados períodos de tempo estipulados nas normas de permanencia, a) por que non deixar maior liberdade ao alumnado de continuación de estudos para que se matricule en cada curso do número de créditos que cre estar en condicións de superar, poñendo realmente o foco no aproveitamento dos recursos investidos máis que na recadación por segundas e sucesivas matrículas?; b) por que obrigar ao alumnado a matricularse de todas as

materias de formación básica e obrigatoria suspensas de cursos previos, incluídas aquelas nas que se produciran suspensos masivos, cos correspondentes prexuízos económicos para os repetidores e académicos para todo o alumnado como consecuencia da masificación?; e c) por que non deixar unha marxe para a excepcionalidade nos requisitos de acceso á condición de estudante a tempo parcial que permita contemplar determinadas situacións perentorias que non sempre poden documentarse dun xeito estritamente formal?

Aínda tendo moi presente que os recursos públicos son limitados e que deben ser xestionados con aproveitamento, entendo que, mesmo sen saírse do marco da norma de permanencia que rexe actualmente na UDC ou do previsto na proposta de norma xa aprobada polo seu Consello de Goberno, queda marxe abonda para unha maior flexibilidade no exercicio das liberdades e das responsabilidades do alumnado canto ao réxime de dedicación e progresión nos seus estudos.

Este é, en boa medida, o contexto de cambios normativos en que se desenvolveron as principais actividades da Oficina do Valedor Universitario no curso 2015/16 e o marco de expectativas máis inmediatas para o curso 2016/17. Afrontamos este novo curso con enerxías renovadas e co ánimo de seguirmos contribuíndo, na medida do posible, á defensa dos dereitos e liberdades de todos os membros da comunidade universitaria e, paralelamente, á mellora da calidade universitaria da Universidade da Coruña. Contamos para iso coa colaboración e o bo talante da maioría dos órganos de goberno e servizos da universidade, pero tamén, cómpre dicilo, coa reticencia dalgúns deles a cumpriren e faceren cumprir axeitadamente as normas en vigor.

Por primeira vez desde que teño a honra de ocupar o cargo de Valedor Universitario (abril de 2011), o número de casos tratados na nosa oficina experimentou un descenso. Non debemos, porén, caer na compracencia e pensar que isto se debe a unha mellora xeneralizada no funcionamento da institución, na que mesmo as actuacións levadas a cabo desde a Oficina do Valedor


Universitario poderían ter algo que ver. Alguén podería mesmo pensar –por que non?–, que podería tratarse dun descenso na falla de confianza na persoa do valedor universitario ou na efectividade do papel que este órgano está chamado a xogar. No entanto, o que realmente nos debe importar na nosa oficina é seguirmos traballando no día a día, intentando resolver áxil e axeitadamente todas as situacións puntuais que se someten á nosa consideración e, asemade, participar na solución de problemas máis xeneralizados, analizándoos a fondo e facendo as oportunas suxestións ou recomendacións aos órganos competentes.

A Universidade constrúese entre todas as persoas que temos a sorte e o privilexio de ter accedido a ela, tanto por quen a transita durante uns poucos anos en calidade de estudante, como por quen ten nela o seu modo de vida e de sustento. Invito a todas as persoas que deron o paso de abriren esta memoria polo seu limiar a achegarse cun ollo crítico ao seu contido e a achegar novas ideas e posibles solucións para a mellora de calquera cuestión por nimia que pareza. Cadaquén, desde o seu ámbito de relación coa Universidade da Coruña, tanto interno como externo, pode contribuír moito máis do que seguramente se imaxina á mellora de institución. Todas as suxestións feitas cun ánimo construtivo serán pois moi ben recibidas nesta oficina.

Seguindo co iniciado o pasado curso, e co fin de axudar a visualizar máis rapidamente os diferentes tipos de queixas tratadas na Oficina do Valedor Universitario, incorporamos na páxina web por áreas temáticas o resumo das tratadas durante o curso académico 2015/16, obxecto da presente memoria ([http://www.udc.gal/goberno/organos\\_colexiados\\_e\\_estatutarios/valedor\\_universitario/memoria.html](http://www.udc.gal/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/valedor_universitario/memoria.html)).

Aínda que a formalidade fai que quen subscribe esta memoria sexa só o valedor universitario, é xusto recoñecer que o meu traballo diario se ve apoiado en todo momento pola axuda administrativa e pola crítica, sempre construtiva, de Rosa González Romero.

A Coruña, 14 de decembro de 2016



# CONSULTAS E QUEIXAS

Entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de agosto de 2016 tratouse na Oficina do Valedor Universitario un total de 80 consultas e 35 queixas, reclamacións ou actuacións de oficio.

Ao igual que en anos anteriores, unha pequena parte das consultas é de natureza simple e de carácter exclusivamente administrativo, polo que a súa resolución foi inmediata desde a Oficina ou foron casos que se desviaron ás administracións correspondentes.

Aquelas outras consultas sobre aspectos en que podería ter cabida máis dunha interpretación son analizadas na propia Oficina desde onde se solicita, con frecuencia, a colaboración de distintos órganos e servizos da Administración universitaria. Unha parte delas acaba por converterse en queixas ou reclamacións que se incorporan como tal no relatorio de casos.

A maioría das queixas ou reclamacións que chegan á Oficina do Valedor Universitario trátase amplamente coa parte reclamante por vía telefónica ou presencialmente; con posterioridade, analízanse polo miúdo para, a continuación, proceder á fase de conversa e solicitude de alegacións á outra parte en litixio, á recompilación de toda esta documentación e informes foren precisos para a resolución do caso e, finalmente, á redacción do correspondente informe, que se pretende sempre detallado e claramente motivado.

Da análise dalgúns queixas ou reclamacións acábanse derivando, en ocasións, recomendacións ou suxestións de mellora de normas ou protocolos a diferentes órganos ou servizos.

## RELATORIO DE CASOS

### 1. CONSULTAS

Para cada consulta efectuada á Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O colectivo a que pertence quen a formula.
- O centro ou servizo implicado.
- A data en que se realiza a consulta.
- O asunto obxecto de consulta.

COLECTIVO	CENTRO/SERVIZO	DATA	ASUNTO
Estudantes	Fac. de Ciencias	Setembro/2015	Plaxio dun TFM
Estudantes	Fac. de Fisioterapia	Setembro/2015	Reclamación dunha cualificación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Setembro/2015	Materias sen docencia
PDI	Fac. de Humanidades e Doc.	Setembro/2015	Reclamación dunha cualificación
PDI	Fac. de Filoloxía	Setembro/2015	Comportamento
Estudantes	Fac. de Informática	Setembro/2015	Matrícula en plan extinto
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Setembro/2015	Conflicto co titor do TFG
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Outubro/2015	Validación de materias Erasmus
Estudantes	Secc. de Estud. de Doutoramento	Outubro/2015	Acceso a estudos de doutoramento
Alleos	Secretaría Xeral	Outubro/2015	Homologación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Outubro/2015	Desestimación dunha reclamación
Estudantes	Fac. de Dereito	Outubro/2015	Avaliación por compensación
Alleos	Ser. de Organización Académica	Outubro/2015	Bonificación de prezos públicos
Estudantes	Fac. de CC. do Deporte e a E.F.	Novembro/2015	Pagamento da matrícula
Estudantes	Vic. de Títulos, Calidade e N.T.	Novembro/2015	Rede wifi

Alleos	Vic. de Títulos, Calidade e N.T.	Novembro/2015	Homologación de titulacións
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Novembro/2015	Extinción da titulación
PDI	Fac. de Ciencias	Decembro/2015	Comportamento
Estudantes	ETS de Arquitectura	Decembro/2015	Extinción da titulación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Decembro/2015	Cambio de titor do TFG
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Decembro/2015	Datas de exames
Estudante	Fac. de Informática	Decembro/2015	Esgotar a vía administrativa
Estudantes	Secc. de Estud. de Doutoramento	Decembro/2015	Recursos
Estudantes	Fac. de Enfermaría e Podoloxía	Xaneiro/2016	Reclamación de materia e comportamento
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Xaneiro/2016	Publicación de notas
Estudantes	Ser. de Organización Académica	Xaneiro/2016	Revisión de exames
Estudantes	Vic. de Estudantes, Part. e E.U.	Xaneiro/2016	Bolsas Santander
Estudantes	EU de Enfermaría	Febreiro/2016	Oferta de TFG
Estudantes	Ser. de Organización Académica	Febreiro/2016	Copia de exames e traballos
PDI	Fac. de CC. do Deporte e a E.F.	Febreiro/2016	Programa Docentia
Estudantes	Fac. de CC. da Comunicación	Febreiro/2016	Revisión de exames e plaxio
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Febreiro/2016	Autorizacións informes PDI
Estudantes	ETS de Arquitectura	Febreiro/2016	Supresión de oportunidade do TFG
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Febreiro/2016	Avaliación por compensación
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Marzo/2016	Materia pendente
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Marzo/2016	Créditos de libre elección
Alleos	Vic. de Oferta Académica e I. D.	Marzo/2016	Matrícula de honra
PAS	Fac. de CC. da Educación	Marzo/2016	Comportamento
PDI	Fac. de Filoloxía	Marzo/2016	Permisos e licenzas
Estudantes	Vic. de Oferta Académica e I. D.	Marzo/2016	Estado dunha reclamación
PDI	Fac. de CC. do Deporte e a E.F.	Abril/2016	Programa Docentia
PDI	Fac. de Filoloxía	Abril/2016	Permisos e licenzas
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Abril/2016	Pagamento da matrícula
PDI	ETS de Náutica e Máquinas	Abril/2016	Situación laboral
Alleos	Vic. de Profesorado e P. Docente	Abril/2016	Mestrados no POD
PDI	EU Politécnica	Maio/2016	Comisión de avaliación
Estudantes	Fac. de Economía e Empresa	Maio/2016	Comportamento
Estudantes	Fac. de Fisioterapia	Maio/2016	Avaliación por compensación
Estudantes	Fac. de Humanidades e Doc.	Maio/2016	Cualificación dunha materia
PDI	Fac. de CC da Educación	Maio/2016	Comportamento
Estudantes	Vic. de Oferta Académica e I.D.	Maio/2016	Convocatoria extraordinaria
Estudantes	Fac. de Humanidades e Doc.	Maio/2016	Reclamación dunha cualificación
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Maio/2016	Acceso a Erasmus
Alleos	Fac. de CC. do Deporte e a E.F.	Xuño/2016	Avaliación das prácticas
Estudantes	EU de Enfermaría	Xuño/2016	Irregularidades no centro
Estudantes	Fac. de Humanidades e Doc.	Xuño/2016	Estado dunha materia nas actas
Estudantes	Fac. de Humanidades e Doc.	Xuño/2016	Estado dunha materia nas actas
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xuño/2016	Titulación para extinguir
Estudantes	Fac. de Filoloxía	Xuño/2016	Problemas co titor do TFG
Estudantes	Fac. de Dereito	Xuño/2016	Criterios de avaliación
Estudantes	Fac. de Ciencias	Xuño/2016	Comportamento

Alleos	Vic. de Oferta Académica e I.D.	Xuño/2016	Acceso a unha titulación en extinción
PDI	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xuño/2016	Cambios na guía docente
Estudantes	Fac. de Informática	Xuño/2016	Cambio dunha cualificación
PDI	Fac. de Economía e Empresa	Xuño/2016	Queixa dunha estudante
Estudantes	Vic. de Oferta Académica e I.D.	Xuño/2016	Normativa de reclamacións
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/2016	Segunda oportunidade de avaliación
Alleos	EU de Enfermaría	Xuño/2016	Acceso ao curso de adaptación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xullo/2016	Non asistencia do PDI ao exame
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xullo/2016	Non asistencia do PDI ao exame
Estudantes	Fac. de Humanidades e Doc.	Xullo/2016	Extravío de exames
Estudantes	Vic. de Estudantes, Part. e E.U.	Xullo/2016	Retribucións das Bolsas Santander
Alleos	Fac. de CC. da Educación	Xullo/2016	Acceso a un mestrado
Estudantes	Fac. de Informática	Xullo/2016	Matrícula a tempo parcial
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xullo/2016	Guía docente
Estudantes	Fac. de Enfermaría e Podoloxía	Xullo/2016	Comportamento dun membro do PDI
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xullo/2016	Entrega do TFG
Estudantes	Escola Politécnica Superior	Xullo/2016	Entrega do TFG
Estudantes	Fac. de Ciencias	Xullo/2016	Titulación para extinguir
Estudantes	EU de Enfermaría	Agosto/2016	Matrícula a tempo parcial

## 2. QUEIXAS

Para cada queixa ou reclamación que se presenta na Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O número con que queda rexistrado o caso.
- A data con que se presenta o caso; o número de rexistro avanza normalmente en paralelo coa data de presentación da queixa, pero en ocasións non existe unha clara correspondencia por se tratan de casos que inicialmente chegaron á Oficina como simples consultas e que, co tempo, acaban derivando en verdadeiras queixas ou reclamacións.
- O motivo da reclamación, entendendo como tal o que manifesta a parte reclamante, independentemente da súa veracidade e de que lle asista ou non a razón.
- A data de inicio das actuacións, tomando como tales os primeiros pasos dados de cara á resolución

da queixa: análise de normativa ou contacto con algún órgano ou servizo.

- Os órganos e/ou servizos contactados e/ou a consulta de normativa para o efecto ou de abundante documentación. Baixo a denominación xenérica de “dirección do centro” inclúese xeralmente o contacto directo con decanos/as ou directores/as de centro, mais tamén, en determinados casos, con outros cargos da dirección. De maneira semellante debe entenderse tamén as actuacións con determinadas vicerreitorías, direccións de departamento e outros órganos citados de forma xenérica.
- A resolución da reclamación, incluídos os aspectos máis relevantes e, de ser caso, os órganos e/ou servizos aos que se lles remite o informe.
- A data da resolución, ou de remate do seguimento do caso.

### **CASO 609/386** Data 11/09/2015

Reclamante: Alumna  
Inicio: 12/09/2015  
Remate: 14/09/2015

Motivo	Solicita a intervención do valedor universitario co fin de que lle amplíen o prazo para o depósito da memoria de tese de doutoramento (programa de acordo co RD 1393/2007) ou, no seu defecto, que se lle posibilite a adaptación a un novo programa de doutoramento.
Actuacións	Sección de Estudos de Doutoramento.
Resolución	Tras analizar a normativa ao respecto e falar coa responsable da Sección de Estudos de Doutoramento, comunícaselle:  a) Que o prazo para a defensa vén fixado polo RD 99/2011 e remata o 11 de febreiro de 2016 e é improrrogable. As universidades carecen de potestade para a súa ampliación.  b) Que a adaptación a un novo programa, de acordo co “Procedemento para posibilitar a adaptación dos/as estudantes de programas de doutoramento en extinción a programas de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011”, do 7 de xullo de 2015 da UDC, require da existencia dun programa afín en vigor.  c) Que está a piques de reunirse a Comisión de Doutoramento para tratar da posibilidade de ampliar por dúas ou tres semanas máis o prazo para o depósito das memorias de tese (fixado no 30 de setembro), pero que debe ser consciente de que, en todo caso, a ampliación dese prazo está supeditada a poder garantir todos os demais trámites necesarios para que a defensa das teses de doutoramento de programas en extinción se efectúe dentro dos límites establecidos polo RD 99/2011 (11 de febreiro de 2016).

**CASO 610/387** Data 16/09/2015

Reclamante: Allea  
Inicio: 18/09/2015  
Remate: 01/10/2015

Motivo O proceso de contratación para un proxecto de investigación realizouse con falta de información e transparencia.

Actuacións Servizo de Investigación e Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Resolución Envíaselle a queixa ao Servizo de Investigación e solicítanselle as oportunas aclaracións ao respecto. A resposta da xefa de servizo céntrase nunha descrición pormenorizada das fases do procedemento estipuladas nesta universidade, no cal se aprecia que non aparecen claramente definidos o modo e o lugar en que deben facerse públicos os resultados da selección, de modo que este queda ao criterio do investigador principal.

Comunícanse á interesada estes extremos ao tempo que se lle notifica que solicitaremos da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia que os resultados deste tipo de convocatorias se fagan públicos no mesmo lugar en que estas se publican (a Sede Electrónica da UDC) ou se comuniquen por correo electrónico ás/aos solicitantes, ademais de concretar na propia convocatoria o lugar físico en que serán expostos (facultade ou departamento).

O 30 de setembro de 2015 remito un escrito ao vicerreitor de Investigación e Transferencia no que, tras indicarlle que así como o procedemento actualmente en vigor extrema o coidado no control de axuste á legalidade das convocatorias, sería recomendable incrementar a trazabilidade e a visibilidade do proceso de selección. Suxírese para iso:

*a) Que as persoas solicitantes poidan seguir todo o proceso nos mesmos medios en que se dá publicidade á convocatoria.*

*b) Que na propia convocatoria se faga xa explícito o lugar físico no que se dará publicidade ao proceso de selección (taboleiro da Administración da facultade ou do departamento...).*

Nun escrito de resposta do 1 de outubro de 2015, o vicerreitor agradece as suxestións, ao tempo que me comunica que as recomendacións serán incorporadas na elaboración dun novo procedemento que se está a levar a cabo por parte dunha comisión que está formada por distintos membros dos servizos implicados na contratación.

**CASO 611/388** Data 06/10/2015

Reclamante: Allea  
Inicio: 06/10/2015  
Remate: 07/10/2015

Motivo A interesada é admitida, xunto co seu cónxuxe, como nova alumna na Universidade Senior. Cando consultan a listaxe de admitidos xa rematara o prazo de matrícula. Tras intentar solucionar o problema, comunicanlle que xa non teñen dereito a praza nin como oíntes. Considera que tiveron un trato discriminatorio, pois outros alumnos foron avisados telefonicamente e eles non, e pregunta pola posibilidade dunha solución para este curso.

Actuacións Universidade Senior.

Resolución Informo á interesada de que o número de prazas de que dispón a Universidade Senior é limitado, e que, polo tanto, debe seguirse un procedemento que recolla a igualdade de oportunidades para quen desexa matricularse.

Sinálolle que o calendario para o curso 2015/16 é de coñecemento público, que na listaxe de admitidos se fai público o resultado do sorteo e os prazos para realizar a matrícula, ao tempo que se notifica que "os/as alumnos/as que fixeran a solicitude e non obtiveran praza pasan a formar parte dunha listaxe de agarda", e que nesa listaxe de agarda debe manterse a orde alfabética para seguir respectando a igualdade de oportunidades.

Comunícolle, por último, que "Como valedor universitario non podo máis que velar porque todo o proceso de admisión e matrícula se efectúe de acordo cun procedemento transparente que cumpra coa legalidade establecida e coa normativa da UDC, polo que, salvo que se producise algún erro ou vicio na



aplicación do procedemento establecido que levara á admisión e matrícula dalgún/ha estudante con menor dereito que vostedes, non resulta xa previsible que gocen de novas oportunidades para este curso. No caso de que vostedes consideren que si puido terse producido algún erro ou defecto nese senso que lles teña prexudicado, non dubiden en poñerse de novo en contacto comigo, presentando unha reclamación apoiada en datos concretos”

Ao non terse recibido ningún tipo de resposta dáse por pechado o asunto.

#### **CASO 612/389** Data 06/10/2015

Reclamante: Alumna

Inicio: 16/10/2015

Remate: 16/10/2015

**Motivo** Petición reiterada de documentos en cada curso académico para a solicitude de axudas para o transporte urbano e a imposibilidade de achegalos vía internet ou en horario de tarde. Suxestión de mellora do procedemento cunha maior racionalización administrativa e a simplificación de trámites.

**Actuacións** Sección de Bolsas.

**Resolución** Infórmase do contido da queixa á xefa da Sección de Bolsas, agradecéndolle que, na medida en que algunhas das suxestións de mellora sexan posibles, sexan tomadas en consideración en ulteriores convocatorias, o que se lle notifica á interesada.

#### **CASO 613/390** Data 26/10/2015

Reclamante: PDI  
(Dtor. de centro)

Inicio: 29/10/2015

Remate: 26/01/2016

**Motivo** Aínda admitindo que a avaliación curricular é unha boa iniciativa que dun modo efectivo permite corrixir situacións académicas anómalas, considera, xunto cos demais membros do tribunal de avaliación por compensación do seu centro, que se está a producir un uso flagrante da norma actual, que permite a superación dunha materia simplemente con esgotar dúas convocatorias de exame ou dúas oportunidades de avaliación, mesmo contando cunha cualificación de 0,0.

Solicita ao valedor universitario que estude o problema e que promova, se o considerar oportuno, unha revisión urxente e en profundidade do actual Regulamento de avaliación por compensación da UDC.

**Actuacións** Análise de normativas e Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

**Resolución** Ao ter coñecemento por esta e outras vías do malestar e preocupación que se está a xerar nalgúns centros pola utilización, en certo modo perversa, que algúns estudantes parecen estar a facer da actual normativa da nosa Universidade (solicitude de compensación con só facer acto de presenza no exame en dúas oportunidades) e sabedor ao mesmo tempo dos problemas de fondo que levan a meirande parte dos casos aos estudantes deses centros a optaren pola avaliación curricular, na Oficina do Valedor Universitario procedemos á realización dunha análise pormenorizada dos regulamentos e normativas que se están a aplicar en numerosas outras universidades por se do seu exame puidesen extraerse algunhas consideracións útiles para formular unha eventual proposta de mellora do regulamento da UDC, na procura dunha maior satisfacción de todas as partes.

Froito desa análise, o 26 de xaneiro de 2016 remitimos á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente un documento de síntese en que se recollen os fundamentos de dereito da avaliación curricular, os aspectos básicos, o alcance da compensación, os requisitos para optar á avaliación curricular e os criterios empregados en 34 universidades do Estado, xunto cun conxunto de suxestións concretas para unha mellora do Regulamento de avaliación por compensación da UDC.

O documento, no que se manifestaba explicitamente que o obxecto das suxestións non era outro que o de colaborar na mellora da calidade universitaria, no marco das competencias que a disposición adicional decimo cuarta da Lei orgánica 2/2011, do 21 de decembro, de universidades confire aos valedores universitarios, tivo unha moi boa acollida na vicerreitoría e serviu, en gran medida, de base para unha profunda modificación do Regulamento de avaliación por compensación finalmente aprobada polo Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016.

#### **CASO 614/391** Data 02/11/2015

Reclamante: Alumna

Inicio: 03/11/2015

Remate: 10/11/2015

**Motivo** Unha vez admitida nun programa oficial de doutoramento comunícanlle que estaba excluída desde un principio por un erro ao confeccionar as listaxes de admisión. Quéixase por non ter recibido ningunha explicación por escrito da súa suposta exclusión e pide unha solución a un asunto que lle ocasionou serios problemas (cambio de domicilio, renuncia e cambio de traballo...)

**Actuacións** Sección de Estudos de Doutoramento e UADI do centro.

**Resolución** Comunícaselle a interesada que desde a Sección de Estudos de Doutoramento e desde a UADI do centro informan que, tras analizar o caso na Comisión Académica do Programa de Doutoramento, vén de serlle remitido un escrito de resolución. Comunícaselle, así mesmo, que unha vez presentada a reclamación por outras vías non procede a intervención do valedor universitario, de acordo co estipulado no artigo 16.3 do regulamento deste órgano, pero que, en calquera caso, se unha vez recibido o referido escrito de resolución o considera preciso e oportuno, pode poñerse de novo en contacto coa nosa oficina.

#### **CASO 615/392** Data 09/11/2015

Reclamante: Alumnas

Inicio: 10/11/2015

Remate: 16/11/2015

**Motivo** Tras solicitaren ser admitidas nun programa de doutoramento resultan excluídas xunto con outros solicitantes por non cumprir con requisitos que non figuraban recollidos nas bases da convocatoria (pertencer a un grupo de investigación con anterioridade á solicitude de preinscrición) e habendo prazas dispoñibles. Na notificación de exclusión non se indica nin o prazo, nin a instancia ante a que presentar a oportuna reclamación.

**Actuacións** Sección de Estudos de Doutoramento.

**Resolución** Como queira que as interesadas presentaron unha reclamación por outras vías, comunícolles que debo absterme de intervir de acordo co artigo 16.3 do Regulamento do valedor universitario, ao tempo que lles notifico que recibirán resposta da Escola de Doutoramento, pero que seguramente se demorará aínda un tempo pois deben emitir informe as persoas responsables do programa de doutoramento antes de pronunciarse ao respecto. Sinálolles, así mesmo, que como parte interesada, poden contactar cando o desexen coa Sección de Estudos de Doutoramento onde as informarán directamente do estado do expediente.

Transcorridos case catro meses sen que se solucione o asunto, as interesadas contactan de novo coa nosa oficina. A xefa da Sección de Estudos de Doutoramento comunícanos que o asunto está a ser analizado pola Asesoría Xurídica da UDC, o que poñemos en coñecemento das interesadas, a quen notificamos que, de persistir o problema, unha vez ditada a correspondente resolución, pasaríamos a estudalo na nosa oficina na procura dunha solución que permita desbloquear o proceso.

Reclamante: Alumno

Inicio: 17/11/2015

Remate: 20/11/2015

Motivo Desestimación, por parte do centro, dunha solicitude de recoñecemento de créditos por prácticas externas realizadas entre o 18/09/2006 e o 02/01/2007 a través dun convenio entre a FUAC e unha empresa.  
Desestimación de validación de créditos en relación cun contrato de mobilidade ERASMUS no curso académico 2003/2004.

Actuacións Normativa e Administración do centro.

Resolución Informásele ao alumno da improcedencia das súas pretensións con base nos argumentos que, de seguido, resumimos:

*Sobre a validación de créditos en relación co seu contrato de mobilidade ERASMUS*

*A resposta que lle proporcionou a coordinadora de mobilidade da ORI parece clara no sentido de que a non formalización completa no seu momento dos documentos requiridos, de acordo coa normativa en vigor, dando plena validez ao seu contrato de mobilidade como alumno ERASMUS, e a non reclamación en prazo fan xa inviable calquera tipo de reclamación ao respecto no momento actual.*

*As materias cursadas como ERASMUS foron cursadas, en todo caso, en tanto que alumno matriculado na Universidade da Coruña, polo que formalmente tampouco resultaría viable a súa validación pola vía do recoñecemento ordinario de estudos cursados noutra universidade. En calquera caso, e para unha maior seguridade xurídica, pode vostede, se o desexa, formular un recurso de alzada, no que se dirimirán definitivamente, no ámbito da universidade, todas as cuestións técnicas que for preciso.*

*Sobre o recoñecemento das prácticas na empresa \*\*\**

*Unha vez máis, a non formalización da solicitude en tempo e forma do recoñecemento das prácticas profesionais parece facelo xa inviable.*

*O Real decreto 592/2014, do 11 do xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, segue a establecer a necesidade dun convenio de cooperación educativa entre as universidades e as empresas, xa requirido no derogado Real decreto 1497/1981, do 19 do xuño, sobre programas de cooperación educativa, modificado polo Real decreto 1845/1994, do 9 de setembro. O art. 7.2 do actual real decreto recolle explicitamente que "os convenios establecerán o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora, a universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada a esta última".*

*Pero, ademais, e como vínculo indispensable para o recoñecemento académico das prácticas, o RD 592/2014 incorpora a figura do "titor académico"*

*Tanto o Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, e modificado polo acordo do Consello de Goberno do 27 de febreiro do 2015, como o Manual de apoio para a xestión das prácticas externas nas titulacións de graos e mestrados impartidos no centro, axústanse ao estipulado no RD 592/2014, polo que a resolución desestimatoria da solicitude de validación asinada polo director do centro con data 22 de outubro de 2015 parece axustada a dereito.*

*Por outra parte, a disposición transitoria do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña só recolle unha moratoria de tres anos para axustarse ao regulamento para aquelas prácticas que se estean a realizar no momento da súa aprobación. As ditas prácticas xa se viñan realizando con base en convenios de colaboración para o desenvolvemento de programas de cooperación educativa asinados entre a Universidade da Coruña e a empresa colaboradora, nos que se recollía explicitamente a figura do titor académico cun papel de supervisión e avaliación.*

**CASO 617/394** Data 24/11/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 25/11/2015

Remate: 16/12/2015

**Motivo** Solicita a mediación do valedor universitario para que se resolva a súa solicitude de concesión dun sexenio de investigación que leva case dous anos en trámite e un deles en silencio administrativo por parte da Universidade.

**Actuacións** Servizo de PDI.

**Resolución** Tras falar co xefe do Servizo do PDI, informáse lle ao interesado que este se desculpa polo atraso na resposta e que lle será enviada nos próximos días.

Tras recibir a resposta, o docente volve solicitar o amparo do valedor universitario ante a situación de indefensión na que di continuar e os prexuízos ocasionados. A Resolución reitoral do 7 de decembro de 2015 reconece que houbo un erro na oferta de recursos que se lle fixo na Resolución do 18 de novembro de 2014, cando xa non cabía outra vía que o recurso contencioso-administrativo, ao terse esgotado a vía administrativa [“De feito non se recolle nos convenios que a UDC, como outras universidades, asinan coa Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), para a avaliación por esta da actividade investigadora do seu persoal contratado laboral, ningunha outra opción de reclamación que aquela da que xa fixo uso co seu primeiro recurso o interesado”].

Comunícolle ao reclamante que no proceso de avaliación da actividade investigadora para o profesorado contratado por tempo indefinido, a Universidade só intervén en cuestións de trámite, pois ten asinado un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Universidades polo que se formaliza a encomenda da xestión a través da CNEAI.

Seguindo o procedemento, as respostas aos recursos que se dirixen ao reitor se preparan, na súa parte técnica, polos correspondentes servizos da UDC, neste caso o Servizo de PDI, quen reconece o erro de comunicarlle unha vía de reclamación non permitida pola norma cando se lle notificou a decisión adoptada pola CNEAI.

Tras lamentar o erro na notificación e o atraso na presentación dun posible recurso contencioso-administrativo, informo ao interesado que de presentar recurso en vía xudicial e ditarse unha sentenza favorable, está tería, cando menos, efectos económicos retroactivos.

Comunícolle, por último, que, en cumprimento do Regulamento do valedor universitario, debo limitar a miña intervención no asunto á información xa proporcionada, pois o artigo 12.1 do Regulamento do valedor universitario recolle que este “en ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.”

**CASO 618/395** Data 22/12/2015

Reclamante: Alumna

Inicio: 29/12/2015

Remate: 05/04/2016

**Motivo** Na Aula de Estudo de Xoana Capdevielle fai moito frío a partir das 20:00h. Reclama melloras na calidade da aula no que se refire á temperatura e solicita asemade un incremento do seu horario de apertura.

**Actuacións** Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura, Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e administradora de Centros e Servizos Externos.

**Resolución** A interesada remitira a súa queixa o 11/12/2015 de xeito anónimo e reiterouna o 22/12/2015, tras identificarse tal e como se lle requiriu.

O 29/12/2015 informo do contido do escrito da queixa á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura e solicíto lle que analicen a situación, na procura dunha mellora das condicións para o estudo, na medida en que iso sexa posible, ao tempo que se lle pide un informe da situación actual e das eventuais propostas de mellora.

O 08/01/2016 a vicerreitora remítenos o informe da administradora de Centros e Servizos Externos, no que se comunica que desde o Servizo de Obras se está a realizar un estudo de valores da temperatura na aula. Lémbrese que o sistema de calefacción e de gasóleo e que é independente do resto do edificio que é de bomba de calor, así como que a queixa podería coincidir cunha baixada de temperaturas acontecida a finais de ano. Informo á interesada, ao tempo que lle indico que comentarei o asunto dos horarios á nova vicerreitora, que está a piques de tomar posesión, aínda que me temo que sobre este asunto poderían alegarse restricións orzamentarias.

Tras recibir o informe da nova vicerreitora, o 5 de abril de 2016 envíolle o seu contido á interesada. No informe recóllese que a temperatura da aula de estudo do Xoana Capdevielle se mantén arredor dos 20°C. Tamén se lle indica que a pesar de que a aula non está illada termicamente, o que podería supoñer un problema, non se recibira ningunha outra reclamación deste tipo. Sobre o asunto dos horarios de funcionamento desta aula, a vicerreitora comenta que se fará un estudo de ocupación das aulas de estudo para analizar a oportunidade ou non de ampliar os horarios.

### **CASO 619/396** Data 20/12/2015

Reclamante: PDI

Inicio: 23/12/2015

Remate: 29/12/2015

Motivo

Desde a Sección de Estudos de Doutoramento comunícanlle, a través do correo electrónico, e sen identificación da persoa remitente, que se desexa continuar matriculado nos estudos de doutoramento debe achegar a esa sección o xustificante que dá dereito á exención de taxas (correo do 27/11/2015) e que, como non xustificou a exención alegada na matrícula de doutoramento do curso 2015/2016, procederase de oficio, mediante resolución, a aceptar de plano a desistencia da súa matrícula e declararse concluso o procedemento, segundo indica o artigo 6.3.4 da Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña, curso 2015/2016 (correo do 18/12/2015).

Considera absurdo que a Universidade da Coruña lle requira que presente un documento da propia universidade con que acreditar a súa condición de profesor desta. Alega que a comunicación que se lle envía desde a oficina de Doutoramento non cumpre os apartados que establece o artigo 58.2 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e que o artigo 35 desa mesma lei recolle entre os dereitos dos cidadáns o de "non presentar documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, ou que xa se encontren en poder da Administración actuante" [apdo. f)].

Entende que, de manterse esa «presunta "resolución"», se incorre nun delito tipificado no Código penal, e solicita:

- A nulidade da presunta "resolución" e o cumprimento da Lei 30/92 nos actos administrativos por parte da Sección de Estudos de Doutoramento da Universidade da Coruña.

- Que se depuren as responsabilidades, se houber lugar, do funcionario que adopta esas resolucións ou que as consente e que se ampara tras un correo electrónico anónimo.

- Que a Sección de Estudos de Doutoramento solicite ao Servizo de PDI, ou a quen corresponda da Universidade da Coruña, a súa condición de PDI da dita administración.

- Que conste que en ningún momento desiste da súa matrícula nos estudos de doutoramento.

Actuacións Sección de Estudos de Doutoramento.

Resolución

Nun primeiro momento notificolle ao interesado que antes de proceder a solicitar a información sobre o seu caso á Escola Internacional de Doutoramento e, de consideralo preciso, informe técnico á Asesoría Xurídica da UDC, teño que dispoñer da resolución que lle están a anunciar no correo que lle remitiron desde a Sección de Estudos de Doutoramento, e que, en calquera caso, o valedor universitario non ten capacidade xurídica para declarar a nulidade de resolucións ditadas por ningún órgano de goberno.

O reclamante agradece a información e sinala que non alcanza a comprender a resposta, pois unha vez que ten unha resolución administrativa dispón dun prazo para o recurso de alzada e/ou o contencioso administrativo e, en calquera dos dous casos, a Oficina do Valedor debe inhibirse, segundo o regulamento. Indica que recorre ao valedor para evitar xudicializar, na medida do posible, o asunto. Ao apreciar que o que pretende agora o reclamante non é tanto que actúe xa contra unha resolución que aínda non se ditou, senón que interveña canto antes para evitar que chegue a ditarse, decido contactar coa responsable da Sección de Estudos de Doutoramento e informo ao reclamante do seguinte:

*Da lectura do escrito e dos correos electrónicos que chegou co seu correo do pasado 20 de decembro, interpretei que a notificación que lle remitiran a vostede desde a Sección de Estudos de Doutoramento non era máis que un aviso do que se produciría de non acceder á achega da documentación que se lle requiría para completar o seu expediente. Entendín, pois, que a comunicación que se lle fixo a través do correo electrónico non se podía interpretar, en modo ningún, como unha presunta "resolución", sobre a que actuar declarando a súa NULIDADE e depurando responsabilidades do funcionario que a adopta ou a consente.*

*Tal e como figura no artigo 6.3.4 da Convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña (UDC), curso 2015/2016, a resolución pola que se acepta de plano a desistencia da solicitude da matrícula corresponde ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, e cabe supoñer que cando lle remitiron o correo do 18 de decembro de 2015 desde a Sección de Estudos de Doutoramento a dita resolución aínda non se materializara.*

*Nesta oficina atendemos todos os asuntos que nos chegan e sobre os que temos competencia. O prazo dun mes entre a recepción da resolución polo interesado e a presentación dun eventual recurso de alzada abonda, xeralmente, para poder intervir e dar a resposta que consideramos máis acaída ás queixas ou reclamacións que se nos presentan.*

*Dado que o artigo 35 f) da Lei 30/1992 se refire a documentos que xa se atopan en poder da Administración actuante e que poderían darse interpretacións xurídicas discrepantes a este respecto, aconséllolle que, para maior seguridade xurídica, presente vostede canto antes o documento que lle solicitan. Todo iso, sen prexuízo de que as actuacións ou omisións que puideren estar relacionadas co seu caso serán obxecto de estudo e informe por parte desta valedoría. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015) parece máis clarificadora que a Lei 30/1992 a este respecto, pero esta nova lei non entrará en vigor ata o 2 de outubro de 2016.*

*Remitín á xefa da Sección de Estudos de Doutoramento un correo co seguinte contido:*

- *En relación co escrito que me remitiu D. ... pídlle que, por favor, extremen a cautela á hora de satisfacer ou non a demanda do interesado, segundo corresponda, mesmo pedindo asesoramento xurídico, se o consideran necesario.*
- *Recibida a reclamación, eu mesmo tería que pronunciarme ao respecto se a resposta non concorda co dereito que o interesado considera que se lle está a conculcar.*
- *Lamento esta pequena carga de traballo adicional pola miña parte, sabedor da inxente cantidade de expedientes que están a xestionar na súa oficina como consecuencia do remate do prazo para a defensa das teses de doutoramento dos programas en extinción.*

Reclamante: De oficio

Inicio: 11/02/2016

Remate: 11/02/2016

Motivo

Desamparo do alumnado que decide reclamar contra a cualificación obtida nunha materia cumprindo co estipulado no capítulo VII (Reclamacións) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, cando o/a docente, unha vez rematado o período de revisión, manifesta carecer de toda ou unha parte da documentación sobre a que se sustenta a avaliación.

Actuacións

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

Resolución

Partindo das evidencias que emanan dun caso concreto, e usando este a modo de exemplo, decido actuar de oficio remitindo un escrito de recomendacións á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente para que se proceda a regular e/ou dar as oportunas instrucións aos centros e aos departamentos co fin de evitar que a perda ou destrución de exames, ou de calquera outra proba na que se sustente a avaliación dunha materia, deriven nunha anulación de facto do dereito do alumnado a reclamar a cualificación que lle foi outorgada.

Deseguido, recóllense o resumo do caso, as consideracións xerais que del se derivan e as recomendacións que se recollen no escrito dirixido á vicerreitora:

#### Resumo do caso

*O 29 de xuño de 2015 recibo copia dunha reclamación dirixida á Facultade \*\*\* asinada por seis estudantes do \*\*\* a respecto do que consideran diversos incumprimentos dun profesor na impartición dunha materia.*

*Ademais desta reclamación, na que as/os estudantes solicitan que se tomen as medidas oportunas ante as irregularidades que consideran foron cometidas polo docente, un deles reclama, pola súa conta e nesa mesma data, a revisión da cualificación que lle foi outorgada na materia, e remíteme así mesmo copia da súa reclamación (achego copia).*

*Tras unha solicitude de emenda e mellora das súas reclamacións, as/os asinantes do primeiro escrito referido concretan os diferentes extremos das súas denuncias e ofrécense a aclarar o que sexa necesario; o asinante do segundo detalla o que, ao seu ver, sería unha serie de incumprimentos das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: falla de explicación do profesor cando acode a revisión; negativa a amosarlle o traballo corrixido; criterios de avaliación aplicados descoñecidos e, en todo caso, diferentes aos que figuran na guía docente da materia; conculcación do dereito a ser avaliado con garantías de equidade e de xustiza e mais de acordo co programa que se impartiu.*

*O 6 de agosto de 2015, o alumno a quen debían serlle notificadas ambas as resolucións remítenos unha copia da resolución tomada tras o acordo adoptado pola comisión académica do centro (achego copia), que desestima por unanimidade a reclamación e motiva esta decisión nos seguintes argumentos:*

1. Non poder tomar posición en relación coa cualificación ao non dispor de información suficiente ao respecto, e non ser da súa competencia realizar unha reavaliación, tal e como recolle o artigo 30.1 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.

2. Recordar ao profesor e ao departamento responsable, a necesidade de cumprir escrupulosamente a guía docente. No caso de que o profesor estime oportuno propoñer diferentes modalidades para cursar e avaliar a materia, debe de quedar claramente explicitado na guía docente.

*Tras recorrer en alzada solicitando a nulidade ou anulabilidade da antedita resolución, o alumno envíanos unha copia da Resolución reitoral ditada o 22 de decembro de 2015, na que se resolve dar por rematado o procedemento co con seguinte arquivo das actuacións levadas a cabo, por imposibilidade material de continuar coa súa instrución, tendo en conta a desaparición sobrevida do obxecto do procedemento. Entre as consideracións legais e técnicas inclúese que o*

informe da Comisión do Departamento de \*\*\* especifica que non dispón da documentación utilizada na avaliación docente, e que no expediente académico do recorrente consta que con data 21 de xullo verificou o depósito do título.

#### Consideracións xerais

O artigo 26 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario recolle que: “Caso de que desapareza o material dunha actividade, traballo ou proba de avaliación **antes de finalizar o prazo de revisión**, o alumno poderá solicitar a realización dunha nova avaliación nunha data previamente acordada co profesor. De existir conflito, o decanato ou a dirección do centro decidirá a data de realización”. Porén, nada se sinala sobre como proceder para protexer o dereito do alumnado a unha avaliación xusta cando a perda (real ou ficticia) de documentos utilizados para a cualificación das materias se produce con posterioridade á revisión ou mesmo con anterioridade, pero non se recoñece polo profesor antes de que remate o prazo de revisión.

A Universidade debe velar porque queden completamente garantidos os dereitos do alumnado a unha avaliación xusta e equitativa dos resultados da súa aprendizaxe, sexa cal for a fase en que se atopa o dito proceso: avaliación polo profesor, revisión ou reclamación.

#### RECOMENDACIÓNS

Recomendo que se proceda a regular e/ou dar as oportunas instrucións aos centros e aos departamentos para evitar que a posible ocultación durante o proceso de revisión e a eventual perda ou destrución unha vez rematado este de documentos nos que se sustenta a avaliación dunha materia, deriven nunha anulación de facto do dereito do estudantado á súa revisión ou reclamación.

#### **CASO 621/398** Data 24/02/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 24/02/2016

Remate: 29/07/2016

Motivo A pesar de ter advertido que o seu nome debe manterse no anonimato por ser vítima de violencia de xénero, leva aparecido en diversas listaxes, o que lle causa inseguridade física e unha baixa importante da súa capacidade intelectual por estrés, e lévaa a ter que renunciar a participar en moitas accións formativas ou de prácticas para minimizar riscos.

Solicita que se vele pola protección de datos e pola aprobación dun protocolo específico para os casos de violencia de xénero no ámbito da UDC.

Actuacións Secretaría Xeral, Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social e dirección do centro.

Resolución Ao estar pendente de resolución noutras instancias, informásele á interesada de que o valedor universitario non pode intervir directamente no asunto, pero que, en vista da súa natureza, contactará con estas para ofrecerlles colaboración no asunto en caso de o estimaren oportuno.

Ante a acollida favorable á miña oferta de colaboración, consulto cos meus colegas da CEDU (Conferencia Estatal de Defensores Universitarios) sobre como se procedía nas súas universidades ante este tipo de situacións e, especialmente, sobre os protocolos ou procedementos de actuación específicos dos que, eventualmente, puideren dispoñer.

A resposta das/os meus colegas pon de manifesto a falla xeneralizada de protocolos ou procedementos de actuación nas universidades para atallar axeitadamente este tipo de situacións.

Pola súa parte, o centro directamente concernido estaba a procurar poñer remedio á situación concreta á que se enfrontaba polos seus propios medios, e a OIX estaba igualmente a ocuparse do asunto (en contacto directo coa subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral de Igualdade



da Xunta de Galicia) co fin de coñecer cal debía ser o modo de proceder da Universidade ante este tipo de situacións.

Con independencia das obrigas que puider ter toda institución universitaria a respecto da publicación de datos das vítimas de violencia de xénero que soliciten permanecer no anonimato, como valedor universitario valoro a conveniencia de que a Universidade da Coruña dispoña dun sinxelo protocolo que sirva para canalizar axeitadamente o anonimato das vítimas que o desexen en todas as actuacións que dependan da propia universidade, e de que se avance, con carácter xeral, na protección de datos. Así, ao tempo que remito un resumo da información recadada na nosa oficina á directora da OIX, á vicerreitora de Ferrol e Responsabilidade Social, ao secretario xeral da Universidade e á dirección do centro, realizo unha serie de consideracións xerais recomendando que:

*a) Se teña en conta que pode haber vítimas de violencia de xénero ás que lles sería de grande axuda o mero feito de saber que hai unha persoa ou cargo de confianza na universidade (ex. directora da OIX) a quen acudir voluntariamente para comentarlle a súa situación, o que levaría a poñer en marcha un sinxelo protocolo que a axudaría a manterse no anonimato. Esta posibilidade debería figurar na información que se pon a disposición de todo o alumnado no momento de matricularse e en lugar ben visible na páxina web.*

*b) O protocolo de actuación abondaría con que marcasse os pasos que hai que dar desde o momento da comunicación da súa situación pola interesada: comunicación interna aos responsables das vicerreitorías de Responsabilidade Social e de Estudantes, decano ou director do centro, determinados servizos... coas indicacións que cómpre seguir.*

*c) Axustar, con carácter xeral, as normas de xeito que, sempre que sexa viable, o contido da información que deba facerse público só sexa accesible para a persoa ou persoas interesadas. Isto levaría á revisión de certas normas ou protocolos, como podería ser a modificación do artigo 22.4 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, no que se sinala que de forma opcional as cualificacións provisionais poderán facerse públicas no taboleiro do centro.*

*d) Para evitar que a ruptura coa rutina xere algún tipo de problemas (ex. algúns estudantes que só están pendentes do taboleiro de anuncios para ver as notas) poderíanse seguir a utilizar estes, cando menos durante un tempo, para anunciar simplemente que o documento ou listaxe esperado vén de ser publicado en tal ou cal lugar de acceso restrinxido.*

## CASO 622/399 Data 08/03/2016

Reclamante: PDI

Inicio: 06/04/2016

Remate: 13/04/2016

Motivo A xunta de centro non accede á súa petición de manter a proporción do 50% de clases interactivas e o 50% de expositivas, tal e como estaba catro anos atrás con bos resultados.

Solicita aclaracións por parte da UDC sobre se o profesor ten ou non a potestade de distribuír o tempo entre teoría e práctica dentro da aula; que se lle explique ao seu decano que non se trata de cambiar o valor dos créditos, nin é algo que afecte aos horarios do centro; que tras a aclaración pertinente, a UDC tome as medidas necesarias para deixalo claro tamén na súa normativa; e que, como valedor universitario, intente abrir un espazo de debate no claustro de profesorado sobre o absurdo de alentar e obrigar aos profesores a faceren reformas que logo son tiradas para atrás, sen motivo ningún, argumentando que non é posible levalas a cabo.

Actuacións Normativa.

Resolución O asunto sometido á consideración do valedor universitario fora xa atendido, en boa medida, nun informe remitido á interesada o 24 de abril de 2015 en resposta a diversas cuestións formuladas o 14 e o 20 de abril de 2015. No informe remitido á interesada o 13/04/2016 reproducécese integramente a resposta do 24/04/2015, concrétanse e matízanse algunhas cuestións abundando na

normativa de aplicación e considerando o estipulado na memoria verificada do título, e preséntanse as consideracións finais que deseguido se reproducen:

*Consciente de que tanto a diversidade na programación dos tempos como os diferentes enfoques dados á docencia de cada materia por cada profesor/a constitúen elementos enriquecedores para a formación do alumnado, e partindo do máximo respecto posible polos dereitos e as liberdades dos diferentes axentes afectados (profesorado da materia, outro PDI sobre o que puidese repercutir unha repartición desigual da docencia no POD e estudantes), como valedor universitario amósome partidario de que as normas que se requiren para levar adiante un proceso de organización desta índole constringan o menos posible as liberdades de cada grupo de interese, respectando ao mesmo tempo os dereitos de todos os demais.*

*En calquera caso, dentro do marco de respecto polos dereitos e as liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, as competencias en materia de política universitaria recaen nos órganos de goberno da institución. Así, tendo en conta a) que tanto o decanato como a xunta de centro da facultade parecen ter actuado dentro do marco das súas propias competencias, b) que o tratamento dado ás materias que vostede imparte coincide co dado ás demais materias de carácter básico e obrigatorio que configuran o plan de estudos, sen que se aprecie ningún signo de arbitrariedade ou de agravio comparativo, e c) que en uso da súa liberdade de cátedra lle corresponde a vostede mesma exercer o seu labor docente como estime oportuno dentro da distribución dos grupos e dos tempos acordados pola xunta de centro e co emprego das metodoloxías docentes que se recollen na memoria verificada do título para as súas materias, non parece procedente ningún tipo de chamada de atención pola miña parte ao decano do seu centro.*

*Aínda carecendo dos coñecementos precisos para entrar a valorar as circunstancias que levan a cada centro da UDC a unha determinada organización das súas ensinanzas, a ninguén nos escapa que as serias restricións que se están a sufrir en materia de contratación de profesorado e de recursos materiais para a docencia poden ter moito que ver coas limitacións que se están a impoñer na organización docente e que están a abocar ao profesorado a ter que modificar con demasiada frecuencia a programación e a configuración da docencia das súas materias.*

*A respecto da súa solicitude de que eu tente abrir un espazo de debate no Claustro sobre o absurdo de alentar e obrigar aos profesores a faceren reformas que logo son tiradas para atrás, sen motivo ningún, argumentando que non é posible levalas a cabo, debo comunicarlle que ao valedor universitario non lle corresponde entrar abertamente en debates de política universitaria, aínda que si efectuar as suxestións e recomendacións que estime oportuno. A este respecto, debe terse en conta que 'a condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario' (art. 11 do Regulamento do valedor universitario da UDC).*

## **CASO 623/400** Data 09/03/2016

Reclamante: Alleo

Inicio: 09/03/2016

Remate: 10/03/2016

Motivo

O pai dun alumno que tivo un accidente acode a un hospital privado no que lle din que debe achegar o parte de accidente asinado polo decano e visado polo CAISS. Para o visado deste último, e tras dúas horas de agarda nas oficinas do CAISS, dinlle que precisa pedir vez para realizalo e que tardarán unha semana en concederlla.

Quéixase da burocracia e comenta que "os que elaboraron a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común, seguro que non coñecían aos 'fenómenos' que asinaron unha póliza semellante".

Actuacións

Normativa e Sección de Contratación.

Resolución

Comunicáselle a seguinte información ao reclamante:

Ata a idade de 28 anos, todos os estudantes universitarios nacionais dos estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo, e, en xeral,

todos os estudantes estranxeiros residentes nas mesmas condicións que os españois que cursen estudos en calquera universidade española están suxeitos a un “seguro escolar” que depende do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). As universidades non teñen pois ningunha capacidade de intervención directa sobre o funcionamento deste seguro escolar.

Os estudantes maiores de 28 anos véñse na obriga de subscribir unha póliza de seguros que dea cobertura a todos os riscos por accidente ou outras continxencias derivadas, directa ou indirectamente, da actividade académica. A este respecto, a Universidade da Coruña ten concertada unha póliza de seguros coa compañía aseguradora ACE EUROPEAN GROUP LIMITED SUCURSAL ESPAÑA, que pode ser subscrita, con carácter voluntario, por calquera outro alumno.

O seu fillo é menor de 28 anos e, por tanto, dispón de seguro escolar. Polos trámites que me comunica no seu escrito, supoño que acudiu ao hospital facendo valer este seguro. De ter acudido en calidade de asegurado polo seguro voluntario HAC LUCE ACCIDENTES, agradeceríalle que mo comunicase para velar porque se estea a cumprir axeitadamente cos termos da póliza subscrita ente a UDC e a compañía aseguradora e, de ser preciso, para unha mellora do procedemento.

A información sobre os seguros do alumnado que está a cursar os seus estudos na Universidade da Coruña está a disposición dos interesados en <http://www.udc.gal/sape/seguros/>.

O reclamante responde de inmediato, agradece a resposta e pronta actuación e, sen achegar información adicional, segue a queixarse da burocracia.

#### **CASO 624/401** Data 09/03/2016

Reclamante: Alleo

Inicio: 09/03/2016

Remate: 12/04/2016

**Motivo** Ten superadas as probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos e non conseguiu matricularse nun centro da UDC, a pesar de estar estudando xa noutra universidade. As razóns que lle aduciron son que non llo permite o programa informático porque debería ter feito a selectividade.

**Actuacións** Normativa e delegado do reitor da UDC na CIUG.

**Resolución** Una vez vistos os requirimentos para presentarse ás probas de acceso para maiores de 25 anos, tanto na UDC como noutras universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e doutras comunidades autónomas, e visto o que se recolle explicitamente na páxina web da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), aprecio que en todas elas se recolle que para poder realizar as probas para maiores de 25 anos requírese non estar en posesión de ningunha titulación académica que habilite para acceder á Universidade por outras vías. Así, solicito ao interesado que me informe da data en que rematou o seu bacharelato e mais a data e a comunidade autónoma onde superou as probas de acceso para maiores de 25 anos.

Tras unha consulta ao delegado do reitor da UDC na CIUG, envíolle a resposta ao interesado, ao tempo que lle comunico que todo parece indicar que a denegación do acceso pola vía de maiores de 25 anos, estando en posesión do título de bacharel, garda relación co feito de que a finalidade das probas de acceso para maiores de 25 anos é a de permitir o acceso á universidade de persoas maiores de 25 anos que non posúan o título de bacharel, tal e como aparece recollido no artigo 29 da Orde do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do SUG.

Coméntolle, igualmente, que de estar aberta a posibilidade de acceso para maiores de 25 anos a calquera persoa, independentemente da titulación que posúa, estaríase a desvirtuar, e a facer inviable na práctica, a finalidade deste tipo de acceso, para o que se reserva unha pequena porcentaxe das prazas. Comunícolle, por último, que, en calquera caso, se lle queda algunha dúbida sobre os motivos polos que foi rexeitada a súa matrícula nun centro da UDC, pode solicitar aclaracións nun escrito dirixido ao seu decano.

**CASO 625/402** Data 24/02/2016

Reclamante: Alumno Inicio: 24/02/2016 Remate: 26/04/2016	Motivo <hr/> Actuacións <hr/> Resolución	Quéixase dos problemas que tivo en relación coa avaliación dunha materia que cursou como estudante cun réxime de dedicación a tempo parcial e pide amparo na procura dunha solución. <hr/> Profesores da materia e dirección do departamento. <hr/> Tras comunicar ao alumno que xa nada podía facerse a respecto do sucedido (prazos para unha eventual reclamación xa vencidos), e que como valedor universitario intentaría seguir traballando para mellorar a situación dos estudantes a tempo parcial de cara ao inmediato futuro, trato abertamente o asunto co profesor responsable da materia e co profesor con quen o alumno tivera desavenencias. Deseguido, manteño unha conversa co director do departamento, quen se amosa moi receptivo a colaborar para que as guías docentes das diferentes materias se adapten ás necesidades dos estudantes a tempo parcial.  Informáselle ao interesado da resposta positiva tanto dos profesores da materia como do director, quen comunica a remisión dun correo a todos os profesores do departamento en que se fai eco das reflexións do valedor universitario e solícitalles tomalas en consideración de cara ás guías docentes do próximo curso.
--	--	---

**CASO 626/403** Data 14/03/2016

Reclamante: De oficio Inicio: 14/03/2016 Remate: 14/03/2016	Motivo <hr/> Actuacións <hr/> Resolución	A aplicación da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña, aprobada no Consello de Goberno do 29 de maio de 2012, está a bater de fronte, en moitos casos, cunhas guías docentes en que non se consideran, en absoluto, medidas que fagan posible a dispensa académica á que se alude nos seus artigos 3.b) e 4.5 <hr/> Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente. <hr/> Remítese un escrito de recomendación á vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente no que se recolle:  <i>A Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña, aprobada no Consello de Goberno do 29 de maio de 2012, intenta dar unha axeitada resposta aos dereitos que os reais decretos 1393/2007, 861/2010 e 1791/2010 confiren ás persoas que teñen dificultades para poder cursar estudos cun réxime de dedicación a tempo completo. Porén, na práctica, a aplicación desta norma está a bater de fronte, en moitos casos, cunhas guías docentes nas que non se consideran, en absoluto, medidas que fagan posible a dispensa académica á que se alude nos seus artigos 3.b) e 4.5. Tamén, lamentablemente, a día de hoxe seguen aínda a aprobarse guías docentes en que non figuran explicitamente recollidos os criterios e as actividades de avaliación para a segunda oportunidade, aos que se alude nos artigos 3 e 8.b) das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.</i>  <i>Para corrixir, na medida do posible, estas importantes cuestións, recomendo unha pequena modificación na estrutura das guías docentes consistente en:</i>  <i>1) Que dentro do apartado "Metodoloxías" se faga explícita a necesidade de fixar as condicións para o estudo a tempo parcial, ás que se podería acoller quen obtivera a condición de estudante a tempo parcial.</i>  <i>2) Que o apartado "Avaliación" se subdivida en dous (1.ª oportunidade e 2.ª oportunidade) e que cada un destes apartados se subdivida á súa vez noutros dous ("tempo completo" e "tempo parcial").</i>  <i>Partindo da base de que o alumnado ten recoñecidos todos os dereitos aos que aquí me estou a referir, todos estes apartados das guías docentes deberían ser obrigatoriamente cubertos, mesmo naqueles casos de imposibilidade de adaptación por razóns académicas ou orzamentarias, as cales deberían ser claramente motivadas e avaladas polo departamento que corresponda.</i>
---	--	--

**CASO 627/404** Data 04/04/2016

Reclamante: Alumno

Inicio: 04/04/2016

Remate: 06/04/2016

Motivo Renuncia a cursar un título propio (mestrado) e reclama a devolución do prezo xa pagado (o 50% do importe total). Sustenta a súa reclamación alegando que para validar a súa matrícula se lle reclama, catro meses despois, un documento que inicialmente non se lle pedira (diploma oficial da titulación que lle daría acceso ao mestrado).

Actuacións Normativa e Administración do título propio.

Resolución O Regulamento de estudos propios de posgrao da UDC recolle que "A anulación da matrícula, antes do comezo das aulas, poderá solicitarse mediante escrito razoado dirixido ao director do curso no prazo máximo de 15 días despois de finalizado o prazo de matrícula." (art. 35.1), e que "...os alumnos con titulación non homologada deberán acompañar a súa solicitude de autorización do reitor cun informe do director do curso de posgrao sobre a adecuación da titulación presentada e a súa equiparación cunha titulación superior española, así como coa documentación que a UDC estableza." (art. 11).

Con data de 25 de febreiro de 2016, o xefe do Servizo de Organización Académica remite ao director do mestrado a listaxe de preinscritos con autorización de matrícula, na que o interesado figura como pendente de completar a documentación para proceder a validar a súa matrícula, ao carecer do documento "Solicitude Autorización Reitor (art. 11 do REPP)".

Segundo o escrito do director do mestrado, do 3 de marzo de 2016, en que solicita que quede sen efecto a matrícula do interesado de acordo co artigo 35 do regulamento, teríasele concedido un fraccionamento do pago, debendo facer efectivo o primeiro prazo (50%) o 11 de novembro de 2015 e o segundo prazo (o outro 50%) con data máxima do 11 de xaneiro de 2016. O primeiro pago abouse en prazo e o segundo non chegou a ser aboado a pesar de realizárense diversos requirimentos unha vez vencido este e mesmo térselle prorrogado ata o 1 de marzo de 2016.

Desde a Oficina do Valedor Universitario remítese un informe razoado ao reclamante, no que se conclúe:

*Tendo en conta que o prazo para a reclamación da devolución do importe da matrícula estaría xa vencido, e considerando, ademais, que a solicitude de autorización ao reitor cun informe do director do curso de posgrao sobre a adecuación da titulación presentada e a súa equiparación cunha titulación superior española é un requisito necesario para os alumnos con titulación non homologada (art. 11 do precitado regulamento), a súa solicitude de devolución do importe xa pagado semella improcedente. Non obstante, de existir algunha outra cuestión que se me puidera estar a escapar, pediríalle que ma documentara para eu dispoñer de todos os elementos necesarios para a valoración do seu caso.*

*En calquera caso, debo notificarlle que o órgano do valedor universitario que represento non ten capacidade executiva, e que se vostede segue a considerar que lle asiste a razón e que aínda ten dereito á devolución do importe pagado, debería presentar un recurso dirixido ao reitor, claramente motivado e documentado."*

**CASO 628/405** Data 21/04/2016

Reclamante: Alumno

Inicio: 25/04/2016

Remate: 05/05/2016

Motivo Excesiva tardanza no cobro dunha subvención do MEC que se encarga de aboar á Universidade, ao paralizarse o expediente por discrepancias sobre a aplicación ou non dun desconto do 15% do importe total en concepto de IRPF.

Actuacións Normativa, Administración do centro e Xerencia.

Resolución Desde Xerencia comunicánnos que contactaron co Servizo de Intervención a finais de marzo para interesarse polo asunto, pero que aínda non recibiran do centro ningún expediente de gasto ao respecto para tramitar.

Visto o carácter e os fins deste tipo de subvencións (concorrenza en réxime competitivo e para sufragar gastos de viaxe, aloxamento e manutención en estadias de mobilidade), coincidimos coa Xerencia en que seguramente non procedería a aplicación da retención do IRPF. O asunto estaba a piques de dirimirse definitivamente, tras evacuar consulta do Ministerio e para gañar tempo, desde o Negociado de Asuntos Económicos do centro podían ir tramitando o expediente de gasto.

Contactamos co negociado e deciden remitir o expediente sen IRPF directamente a Xerencia. Ao estar fóra do ano orzamentario tiña que tramitarse por validación.

O 27/04/2016 comunicámonos de Xerencia que, en efecto, ao expediente non se lle aplica retención de IRPF e que lle van dar prioridade á súa tramitación.

O 05/05/2016 recibimos un escrito do xerente, quen nos comunica que o 29 de abril recibiron o expediente de gasto en Xerencia e que se puxeron inmediatamente en contacto co centro para que o alumno completase a documentación, achegando un documento que era preciso para proceder á tramitación do pagamento.

#### **CASO 629/406** Data 03/05/2016

Reclamante: PDI

Inicio: 04/05/2016

Remate: 30/05/2016

Motivo

Séntese soa e desamparada ao non ser acompañada e representada pola Universidade a un xuízo por falta leve por acoso. O acoso, por vía telefónica ao seu despacho, tería sido cometido presuntamente por un ex-alumno a quen xa denunciara había varios anos e cuxo xuízo gañara por conformidade dos feitos do demandado; daquela, si acudira con representación da Asesoría Xurídica da UDC.

Ao considerar que o novo episodio de acoso que viña de sufrir era continuación do acoso que sufrira no seu ámbito laboral e ao informarlle a Asesoría Xurídica que, na actual situación, a podían asesorar pero non representar, solicita do valedor que estude os dereitos do PDI ante unha situación como esta e considere os pasos que se han de seguir para que no futuro non exista na Universidade ese desamparo como individuo e como colectivo.

Actuacións Normativa e colegas expertos na materia.

Resolución Vista a normativa e co asesoramento de valedores universitarios expertos na materia (do ámbito do dereito penal e da filosofía do dereito), o 27 de maio de 2016 presento un escrito de recomendacións ao reitor que deseguido se recolle:

#### **RECOMENDACIÓN SOBRE O APOIO A MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA ANTE SITUACIÓNS DE ACOSO E VIOLENCIA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO**

*Estimado reitor,*

*O pasado día 3 de maio recibín un escrito dunha profesora que debía acudir a un xuízo por falta leve como denunciante dun acoso sobre o que manifesta estar practicamente segura de que se trata dunha reincidencia nunha situación de acoso que sufrira por parte dun alumno no ano 20\*\* e cuxo xuízo gañara contando, entón, co amparo legal da Universidade en todos os aspectos e asistindo a el con representación da Asesoría Xurídica (acompañoo copia).*

*A profesora quéixase agora de que, ante esa presunta reincidencia, a Universidade non a acompañe ao xuízo, e comenta que na Asesoría Xurídica a informaron de que a poden asesorar, pero non representar dado que se trata dun ex-alumno, que non está probado que sexa el, e que o asunto pertence ao seu ámbito privado. A chamada telefónica acosándoa foi recibida no seu*

*despacho e a profesora considera que a situación que está a vivir é continuación do acoso que sufriu no seu ámbito laboral hai varios anos.*

*O escrito da profesora remata solicitándome que, como valedor, estude os dereitos do PDI ante este tipo de situacións e considere os pasos que se deben seguir para evitar que no futuro se produzan situacións de desamparo no plano individual e colectivo.*

*Tras consultar con algúns colegas con coñecementos específicos na materia, chego á conclusión de que a UDC cumpriu axeitadamente coas súas obrigas legais cando no ano 20\*\* a profesora interpuxera a súa primeira denuncia, proporcionándolle daquela unha completa asistencia letrada. Ao prestarlle asesoramento, aínda que non defensa xurídica nin acompañamento, ante a nova situación de acoso, a Universidade parece cumprir igualmente coas súas obrigas, toda vez que o presunto culpable xa non era alumno da UDC e que os feitos que deran orixe á súa condena ocorreran hai varios anos.*

*O amparo legal proporcionado pola UDC a esta profesora ten base no feito de que a Universidade, como Administración pública, ten unha especie de responsabilidade obxectiva sobre este tipo de feitos cando ocorren entre suxeitos que estudan/traballan nela. O apoio da institución é, pois, aplicable a calquera membro da comunidade universitaria vítima dunha situación desa natureza (estudiante que sofre o acoso dun profesor, acoso dun membro do PAS a outro etc.). O art. 106.2 da Constitución recoñece aos particulares o seu dereito a seren indemnizados por “toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, [...] sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.”, amais do deber da Universidade de elixir e vixiar aos/as traballadores/as ao seu servizo (isto é, a culpa in eligendo e in vigilando á que se refire o Código civil).*

*Máis aló do apoio xurídico que, directa ou indirectamente, a Universidade teña ou non a obriga de prestar en cada caso, penso que cun pequeno esforzo suplementario a UDC pode asumir a responsabilidade de dar tamén cobertura aos aspectos máis humanos da cuestión. Estoume a referir aquí á oferta de apoio especializado pola institución, non só no ámbito penal mais tamén no eido da psicoloxía, que poderían reconfortar dunha maneira moi importante ás posibles vítimas, desde o primeiro momento en que perciben que poden estar a ser obxecto de acoso ata ben despois de que, de ser o caso, se acabe por adoptar algún tipo de resolución interna ou se dite sentenza no ámbito xudicial. Pénsese que, desde o punto de vista da vitimoloxía, é moi importante que as vítimas se sintan acompañadas en todo momento pola institución.*

*A UDC leva realizando unha clara aposta pola responsabilidade social, marcándose entre os seus obxectivos estratéxicos o seu fomento e o seu impulso en moi diversos ámbitos. Velando, na medida do posible, polo benestar de todas as persoas que integran a institución, acompañándoas cando o precisen cun apoio especializado máis aló do amparo legal que lles puidese corresponder, penso que a UDC estaría non só a desenvolver un labor moi importante para as vítimas, máis tamén estaría a servir de exemplo para unha sociedade cada vez máis deshumanizada, poñendo en valor a preocupación polas persoas.*

*Por todas estas razóns, e sabedor das restricións impostas pola escaseza de recursos económicos na nosa universidade, recomendo que se explore a posibilidade de conseguir algún tipo de financiamento externo que posibilite a implementación dunha pequena estrutura de carácter estable ou, no seu defecto, se valore a posibilidade da creación dun pequeno gabinete mixto de especialistas (do ámbito penal e da psicoloxía) comprometidos co apoio aos membros da comunidade universitaria da UDC que, en razón desta condición, se sintan eventualmente vítimas dunha situación de acoso ou violencia. O ente que finalmente se crease podería estar adscrito á Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social e, no caso de tratarse dun gabinete de especialistas da propia universidade, mesmo podería pensarse na posibilidade de compensar a súa dedicación parcial a estas tarefas cunha redución da súa dedicación a outros labores.*

*Sabedor da sensibilidade do equipo reitoral por este tipo de cuestións, confío en que desde a Reitoría se lle prestará a este asunto toda a atención e o apoio que*

*se merece, e en que se adoptarán as medidas que fagan viable a solución máis acaída dentro das posibilidades da institución.*

*O emprendemento de accións tendentes a facer que as vítimas de acoso ou violencia se sintan apoiadas en todo momento pola institución universitaria tería o seu encaixe na Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, cuxa finalidade é precisamente a de “ofrecer desde os poderes públicos unha resposta o máis ampla posible, non só xurídica senón tamén social, ás vítimas, non só reparadora do dano no marco dun proceso penal, senón tamén minimizadora doutros efectos traumáticos no moral que a súa condición poida xerar...”.*

*Grazas pola súa atención.*

O caso concreto que deu orixe á nosa análise e recomendacións, foi tamén obxecto de pronunciamento por parte da Xunta de Persoal Docente e Investigador (XPDII) da UDC, a quen agradezo a remisión dunha copia do escrito dirixido ao reitor en que lle transmiten os acordos que adoptaron por unanimidade o mesmo día da reunión (05/05/2016).

O 30/05/2016 envíoo á interesada unha copia do escrito de recomendacións remitido ao reitor.

#### **CASO 630/407** Data 04/05/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 05/05/2016

Remate: 31/05/2016

Motivo

Asígnanlle unha universidade no programa internacional de mobilidade que decae na súa oferta da titulación solicitada para o vindeiro curso pero para a que lle ofertan unha titulación afín. No centro comunícanlle a posibilidade de asignarlle directamente outro destino (na universidade que pedira en primeiro lugar, que ía ter unha praza dispoñible) pero na Oficina de Relacións Internacionais (ORI) rexéitanlle esa posibilidade e dinlle que debe acudir á segunda convocatoria. Considera que a xestión por parte da universidade non foi a máis axeitada e pide amparo na procura dunha solución.

Actuacións

Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e ORI.

Resolución

Tras contactar coa vicerreitora, o 06/05/2016 remítolle o escrito da interesada e transmítolle as seguintes consideracións: “Segundo comenta a alumna, o problema deuse por unha cuestión sobrevida que non lle sería imputable. De ser así, cumpriría ver de que maneira podería dárselle unha solución axeitada. Ao parecer, o propio centro estaría a ofertarlle a dita solución, asignándolle outro destino, polo que se esa solución é academicamente viable e non prexudica a terceiras persoas, agradeceríalle que a tomasen en consideración. No caso de que a solución proposta polo centro puidese afectar a terceiras persoas con máis dereitos, agradeceríalle que se buscara outra alternativa na que, en todo caso, tampouco se visen minguados os dereitos que lle asisten á interesada.”

O 26/05/2016 recibo resposta da directora da ORI, quen me comunica que estudantes con máis nota quedaran en listaxe de espera para ocupar praza na universidade que se lle ofertaba agora á reclamante desde o centro e que, polo tanto, deberían ser consultados por se querían ocupar esa praza, deixando, de darse o caso, a súa propia, o que levaría a facer unha reasignación de prazas. Este tipo de situacións dáse con certa frecuencia e resulta imprevisible, ao publícanse as materias que finalmente se imparten con posterioridade aos prazos de solicitude. Cando iso sucede, os estudantes teñen que acudir á segunda convocatoria.

Envíase a resposta á interesada, quen nos solicita consello sobre se manter o destino que lle fora outorgado para cursar estudos nunha titulación afín (con recoñecementos limitados), ou rexeitar ese destino e arriscarse a solicitar praza na segunda convocatoria.



**CASO 631/408** Data 10/05/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 13/05/2016

Remate: 24/05/2016

Motivo

Imposición de dúas obrigas ao PDI e ao alumnado da UDC que carecen de base xurídica nun convenio de colaboración asinado en 2015 entre a Universidade da Coruña e a Asociación de Historia e Cultura Militar Noroeste para o acceso do alumnado e do PDI da UDC aos fondos bibliográficos e documentais da Biblioteca Histórico-Militar (A Coruña) e do Arquivo Intermedio Militar Noroeste (Ferrol) do Centro de Historia e Cultura Militar Noroeste (Instituto de Historia e Cultura Militar do Exército), tanto para a súa consulta como para o desenvolvemento de proxectos de investigación.

Actuacións

Secretaría Xeral.

Resolución

Ademais de ao valedor universitario, o escrito no que se explican en detalle as cláusulas que a interesada considera inadmisibles foi dirixido ao reitor. Tras contactar co secretario xeral da universidade, remíttolle unha copia do escrito de queixa e solicítolle a realización dun control da verdadeira utilidade e axuste á legalidade do convenio.

O 24 de maio de 2016 o secretario xeral remíteme copia dun correo dirixido á interesada, no que sinala que se producira un erro como consecuencia de non se ter corrixido completamente a proposta inicial formulada pola amentada asociación, de conformidade coas indicacións realizadas polos servizos técnicos da UDC, e indica que, grazas á súa denuncia, procederase á súa corrección inmediata, comunicando á outra parte a vontade da UDC de modificar o convenio para que determinadas referencias imperativas (que o secretario xeral fai explícitas) sexan substituídas por outras de carácter facultativo, acordades co carácter público e o acceso libre e gratuito aos fondos da Biblioteca e do Arquivo Militar.

**CASO 632/409** Data 12/05/2016

Reclamante: Repr. do alumnado

Inicio: 12/05/2016

Remate: 13/05/2016

Motivo

A primeiros de maio o alumnado recibe un correo electrónico cunhas novas instrucións en relación coa defensa dos traballos de fin de grao, nas que se inclúe, por primeira vez, a obriga de realizar un pagamento adicional de 180,00 euros pola denominada taxa de defensa do TFG. A pesar da oposición manifestada polos representantes do alumnado, a dirección do centro (adscriito), insiste en que é preciso aboar esa nova taxa para poder defender o TFG.

Actuacións

Representante do alumnado que encabeza o escrito de reclamación.

Resolución

Vista a documentación que os representantes do alumnado remitiron á nosa oficina, todo parecía indicar que, por moi xustificadas que puideren resultar as razóns de índole económica, non podía esixirse ao alumnado o aboamento adicional dunha cantidade non prevista no momento en que realizaron a súa matrícula.

Comuniquei verbalmente ao alumno que encabezaba o escrito de queixa que estimaba que o asunto talvez puidese arranxarse rápida e amigablemente volviendo falar el co director do centro e comentándolle ese meu parecer inicial a partir da análise dos documentos que eles puxeran ao meu alcance. Do contrario, unha vez que recibisen resposta formal ás súas demandas, podían dirixirme unha queixa para eu tratar o tema en profundidade.

O 13/05/2016, o representante do alumnado comunicame que, tras unha reunión da xunta de dirección, viña de recibir comunicación directa por parte do director notificándolle que a taxa para a defensa dos TFG foi retirada por decisión colexiada.

Reclamante: Alumno

Inicio: 20/05/2016

Remate: 07/06/2016

Motivo

Tras ser inicialmente admitido nun programa de doutoramento, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento acorda a súa non-admisión por non ter superado un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto dos estudos universitarios oficiais dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de mestrado.

Cursou as seguintes titulacións de Música: profesor de Piano (1.º ciclo), profesor de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (1.º ciclo), profesor superior de Piano (2.º ciclo), profesor superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento (2.º ciclo) e profesor superior de Música de Cámara (2.º ciclo), o que está equiparado por lei a unha licenciatura universitaria. A calquera licenciado universitario lle equiparan cada curso a 60 ECTS mentres que el acreditou debidamente que as titulacións superiores de música non son de 5 anos, senón de 10 ou máis. Dado que por lei é licenciado universitario para todos os efectos e que a primeira vez que se equipararon os seus estudos de música aos estudos universitarios non existía ningunha licenciatura de menos de 5 anos, ten que ter os mesmos dereitos que os licenciados e, polo tanto, tería os 300 créditos, dos cales 60 teñen que ser equiparados a nivel de mestrado.

Considera que está en posesión non dunha, senón de cinco licenciaturas, tres delas con máis de 300 ECTS cada unha, sendo polo menos 60 deles pertencentes ao 2.º ciclo en cada unha delas e que, polo tanto, reúne máis que todos os requisitos esixidos pola normativa oficial da UDC para continuar os estudos de doutoramento.

Tras facer referencia explícita á Universidade Complutense de Madrid, sinala que noutras universidades os estudos superiores de Música teñen, como corresponde, o mesmo recoñecemento que outros licenciados e, polo tanto, as mesmas condicións de acceso aos estudos de doutoramento.

---

Actuacións Normativa e Escola Internacional de Doutoramento.

---

Resolución Tras analizar polo miúdo a lexislación e demais normativa de aplicación, na Oficina do Valedor elaboramos un detallado informe que se remite ao interesado, con copia ao director da Escola Internacional de Doutoramento. No informe, ademais de recoller os fundamentos de dereito que, entendo, gardan relación co caso, realízanse as consideracións que deseguido se recollen:

Consideracións sobre os requisitos de acceso

*Os requisitos de acceso ao doutoramento que se recollen no art. 6 do Real decreto 99/2011 e no art. 2 do RD 43/2015 que modifica o apdo. 6.1 do referido RD son requisitos mínimos que deben ser cumpridos por todas as universidades do Estado. As comisións académicas dos programas de doutoramento mesmo poden establecer requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión dos seus estudantes (art. 7 do RD 99/2011).*

*Tanto a primeira redacción do art. 6.1 do RD 99/2011 (cando os títulos españois de grao eran todos de 240 ECTS) como a súa modificación polo RD 43/2015 marcan claramente a esixencia, con carácter xeral, de ter superado un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto dos estudos universitarios oficiais, dos que cando menos 60 serán de mestrado, para acceder aos estudos de doutoramento. Ao recoller o RD 99/2011 o acceso aos estudos de doutoramento para os titulados conforme sistemas de ordenación universitaria españois anteriores ao RD 1393/2007 que estean en posesión do título de doutor, que teñan superados polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde, que teñan acadado o Diploma de Estudos Avanzados de acordo co RD 778/1998 ou que teñan acadada a suficiencia investigadora regulada no RD 185/1985, estase, en definitiva, a indicar que non abonda necesariamente con cumprir co requisito de estar en posesión dun título de licenciado para acceder aos estudos de doutoramento. Os titulados universitarios posuidores de titulacións anteriores ás reguladas no RD 1393/2007 poden tamén acceder directamente aos estudos de doutoramento sen necesidade de dispor deses estudos complementarios, pero nese*

caso deben cumprir co requisito de ter superado un mínimo do equivalente a 300 ECTS no conxunto de estudos universitarios, dos que, cando menos, 60 serán de nivel de mestrado, e queda a criterio de cada universidade a determinación desas equivalencias de conformidade coa súa normativa específica.

Os criterios adoptados pola Escola Internacional de Doutramento da Universidade da Coruña parecen coherentes tanto co fondo como co espírito da norma, ao considerar que un curso completo de estudos universitarios das anteriores titulacións equivale a un curso completo dos actuais estudos de grao ou de mestrado (60 ECTS), e que 60 créditos do 2.º ciclo dunha titulación de 1.º e 2.º ciclo ou de só 2.º ciclo poden ser considerados como de nivel de mestrado.

#### Consideracións sobre a equivalencia de titulacións

No artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990 recoñécese por primeira vez a equivalencia para todos os efectos entre o título superior de Música e o de licenciado universitario.

Os títulos de profesor superior de Música, en calquera especialidade, expedidos de conformidade co Decreto 2618/1966, do 26 de outubro, sobre regulamentación xeral dos conservatorios de música, son equivalentes aos títulos superiores de Música, e estes, á súa vez, son equivalentes, para todos os efectos, aos de licenciado universitario.

Seguindo estes criterios, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña recoñece a \*\*\* a equivalencia ao título de licenciado universitario máis sinalalle que **“a equivalencia recoñecida do seu título a unha licenciatura universitaria non abonda para acceder aos estudos de doutoramento” e que “deberán cumprirse os requisitos que permiten establecer nos seus estudos unha equivalencia a 300 créditos ECTS dos que 60 créditos do 2.º ciclo, fosen de nivel de mestrado”.**

#### Consideracións sobre as equivalencias de créditos

Tanto pola configuración en tres graos (elemental, medio e superior) como pola duración de cada un deles, e mais polos requirimentos de acceso ao grao superior, parece claro que son estes últimos os únicos estudos de música que poden considerarse como equivalentes aos estudos universitarios para efectos do cálculo da equivalencia a 300 ECTS.

Pola desigual configuración dos estudos de música e dos estudos universitarios realizados conforme sistemas de ordenación anteriores ao RD 1393/2007, no momento en que se promulga a Lei orgánica 1/1990 de ordenación xeral do sistema educativo, podería pensarse nunha equivalencia directa de cargas lectivas entre o título superior de Música e o título de licenciado universitario, ao seren considerados estes equivalentes para todos os efectos. Porén, as equivalencias na carga lectiva deben ser necesariamente establecidas dun modo concreto en cada caso, pois a raíz do RD 1497/1987 do 27 de setembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns aos plans de estudo das titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, o título de licenciado universitario respondía a unha estrutura en ciclos de 2+2 ou 3+2 (excepcionalmente 2+3 ou 3+3) cursos académicos, segundo as directrices xerais de cada plan de estudos e a configuración finalmente adoptada por cada universidade. As diferenzas de duración chegaron a producirse dentro dun mesmo título en función da Universidade e mesmo do plan de estudos en vigor.

Sobre a consideración de 60 ECTS en estudos do grao superior de música como de nivel de mestrado, o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aínda que coherente co espírito da norma, podería estar a resultar excesivamente restritivo, de aplicarse de maneira literal a todos os estudos conducentes ao título superior de Música. Na miña opinión, no caso de títulos superiores de música con plans de estudos de catro ou máis anos, podería darse unha interpretación flexible do Regulamento da UDC no senso de considerar 60 créditos dos dous últimos cursos como de nivel de mestrado, pois a pesar de seren estudos superiores configurados nun único ciclo, cando se promulga a Lei orgánica 1/1990 se consideran equivalentes para todos os efectos coas titulacións de licenciado (configuradas en dous ciclos).

*O feito de que a Universidade Complutense de Madrid considere que calquera título de licenciado universitario ou equivalente é válido, sen máis, para o acceso aos estudos de doutoramento, con independencia da súa carga lectiva e da súa configuración –como parece desprenderse da lectura da súa Normativa de desenvolvemento do RD 99/2011, do 28 de xaneiro que regula os estudos de doutoramento na Universidade Complutense de Madrid (art.7.2.b)–, non debe condicionar para nada a adopción por parte doutras universidades das medidas que consideren máis acaídas para cumprir axeitadamente coa legalidade vixente en materia de requisitos de acceso aos estudos de doutoramento, dentro do marco das competencias que lle son recoñecidas polo MECD.*

Consideracións finais

*Na miña opinión, só se o interesado pode demostrar documentalmente que ten cursado e superado o equivalente a un mínimo de 300 ECTS no conxunto dos seus estudos superiores de música, e cumpre cos requisitos que sinala no terceiro parágrafo das “Consideracións sobre as equivalencias de créditos”, podería acadar unha resolución favorable aos seus intereses na Universidade da Coruña. De considerar o interesado que estas son as circunstancias en que se atopa, aconséllolle a presentación dun recurso de alzada, ao tempo que pido á Escola Internacional de Doutoramento da Universidade unha interpretación flexible da norma nos termos en que me pronuncio neste informe.*

**CASO 634/411** Data 13/06/2016

Reclamante: Alumno	Motivo	Denuncia o comportamento dun profesor, a calidade da súa docencia, os métodos de avaliación empregados e a súa total subxectividade neste proceso.
Inicio: 13/06/2016	Actuacións	Normativa.
Remate: 20/06/2016	Resolución	O alumno reclama tamén noutras instancias. O 20/06/2016 recibo copia dun escrito do director do centro, quen notifica que, con data 14 de xuño de 2016, recibiu unha reclamación do alumno, que considera divisible en dous procedementos diferenciados. Por unha banda, a reclamación da cualificación e, pola outra, a denuncia a respecto de, entre outras, a docencia e a avaliación do profesor. Cumprindo co Regulamento do valedor universitario, procede paralizar as nosas actuacións e así llo comunicamos ao interesado.

**CASO 635/412** Data 16/06/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Recusación dun membro do tribunal para a defensa do seu TFG, alegando supostos recollidos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
Inicio: 17/06/2016	Actuacións	Dirección do centro
Remate: 15/07/2016	Resolución	<p>Como queira que a propia interesada comenta que vén de remitir o mesmo escrito ao decano e ao vicedecano de Organización Académica do seu centro, e dado que urxe unha pronta resolución, poñémonos en contacto con este último, quen nos sinala que xa están a dar os pasos para resolver canto antes.</p> <p>Desde a nosa oficina, comunicamos á interesada que todo parece indicar que xa se están a dar os pasos axeitados e que a intervención do valedor, de ser precisa, debería esperar a que se ditase a correspondente resolución.</p> <p>O 15 de xullo de 2016, a interesada remíteme un correo electrónico no que me comenta que, na data fixada para a defensa do TFG, lle comunican que se adia-ba a súa presentación, á espera de que se resolva a solicitude de recusación.</p> <p>Sinala que, malia a que todas as conversas indicaban que non ía ter que facer a defensa ante o membro do tribunal recusado, finalmente rexéitase a recusación</p>

e é citada para a defensa do TFG o 30 de xuño. Manifesta sentirse prexudicada, pois dispoñía de 7 puntos sobre 7 con proposta para mención de honra polo seu titor e o tribunal cualificouna con 1,6 puntos sobre 3; pola valoración negativa do profesor inicialmente recusado (“uso aberrante da lingua galega”) e os comentarios positivos dos outros dous membros (“felicítáronme pola presentación e quixeron que ampliara información referente ao tema exposto”) deduce que esta cualificación debe obedecer a que a nota outorgada polo membro do tribunal inicialmente recusado foi claramente mínima, o que confirmaría o seu temor a non ser valorada de xeito neutral por ese profesor e poría en evidencia o agravio e a inimizade manifesta que ela alegaba.

O escrito da alumna remata coa súa consideración de que sería necesario dotar de estratexias de protección ao alumnado ante posibles abusos de poder se queremos velar por unha educación de calidade e en igualdade, e sinala que talvez por iso sexa preciso facer pública a nota que outorga cada membro do tribunal, de xeito que non se poida agochar ou silenciar unha represalia; avoga, tamén, porque se establezan causas de recusación para a asignación de tribunais de valoración na Universidade, tal e como está establecido xa na Lei do réxime xurídico das administracións públicas.

Visto que a alumna tiña un bo expediente académico e que mesmo superara as materias de lingua galega coa cualificación de notable, o propio 15/07/2016 remíttolle un correo en que lle recomendo reclamar a súa cualificación de estar aínda en prazo (dous días desde a publicación da cualificación do TFG). Estas circunstancias e a recusación previa, poderían, chegado o caso, ser consideradas pola comisión académica do centro para, de se lles presentaren dúbidas razoables, unha vez analizado o informe do profesor, solicitar informes doutro profesor competente na avaliación do uso da lingua galega.

#### **CASO 636/413** Data 22/06/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 23/06/2016

Remate: 06/07/2016

Motivo Problemas de goteiras e de ruído que afectan á Aula de Estudo do Edificio Xoana Capdevielle.

Actuacións Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Resolución Tras consultar á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade e á administradora de Centros e Servizos Externos, a vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria infórmannos do seguinte:

A respecto das goteiras, que tanto as cubertas do edificio como a climatización dispoñen dun contrato de mantemento que exerce labor de vixilancia periódica e que actúa a solicitude do Servizo de Arquitectura; ambos están ao tanto da incidencia polo que se tomarán as medidas oportunas.

En relación co ruído que se produce á entrada da aula, avísase sempre ao alumnado que fale nun ton máis baixo, pero con pouco resultado. Na tarde-noite e as fins de semana hai unha persoa que está exclusivamente para a aula de estudo, pero non ocorre o mesmo no horario habitual, xa que o persoal ten que atender todo o edificio no seu horario de traballo, aínda que consta que está continuamente advertindo aos usuarios que permanecen no exterior que respecten aos usuarios que están estudando. De calquera maneira xa se lle solicitou ao compañeiro en quenda de tarde que incida un pouco máis nas advertencias ao alumnado para manter a zona o máis silenciosa posible, pero como a aula é unha sala moi grande con teitos moi altos, é difícil evitar que calquera ruído do exterior non teña repercusión no interior.

Envíase á interesada a resposta da vicerreitora.

**CASO 637/414** Data 01/07/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 01/07/2016

Remate: 04/07/2016

Motivo Defende o seu TFG e suspende cun 4. Séntese impotente, pois traballou moito na súa preparación, remitiu a súa memoria cun mes de antelación ao seu titor e este considerou que o traballo era apto para ser entregado. Sinala que perdeu unha oportunidade laboral por razóns alleas a ela, quer por un fracaso na titorización, quer por unha esixencia desmedida na avaliación.

Actuacións Normativa.

Resolución Tras comunicar á interesada que o valedor universitario non pode intervir directamente nun asunto desta índole mentres non se pronuncie o correspondente órgano de goberno, infórmasele dos seus dereitos e da vía pola que pode facelos valer: títulos VI e VII das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña e apartado g) do artigo 8, sobre dereitos específicos dos estudantes de grao, do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, que recolle o dereito "A contar coa tutela efectiva, académica e profesional, no traballo fin de grao...".

**CASO 638/415** Data 07/07/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 11/07/2016

Remate: 11/07/2016

Motivo Quéixase pola imposibilidade de compaxinar estudos e traballo, de modo que por esta razón decidiu deixar os estudos por un tempo. Non obstante, non desiste e pide que, por favor, se pense un pouco no alumnado que non pode dedicarse enteiramente ao estudo.

Actuacións Normativa.

Resolución Ademais de ao valedor universitario, o escrito de queixa foi remitido simultaneamente pola interesada a diversos órganos de goberno do seu centro.

O 11 de xullo de 2016 dáse resposta á alumna mediante un correo co seguinte contido:

Comparto con vostede a necesidade dunha maior implicación dos centros e do seu profesorado para facer realmente posible a compatibilidade dos estudos universitarios co traballo e con diversas outras circunstancias.

É este un asunto polo que me veño preocupando desde ben antes de que vostede me dirixira un primeiro escrito ao respecto, en outubro de 2013, e polo que me sigo a preocupar na actualidade. Na presentación anual da memoria do Valedor Universitario perante o Claustro Universitario é este un dos asuntos nos que máis incido pola grande importancia que lle recoñezo.

Lamentablemente este é un asunto bastante recorrente tamén na maioría das universidades españolas. Vanse producindo algunhas melloras, pero queda aínda moito camiño por percorrer.

Como vostede saberá, o órgano do Valedor Universitario non ten capacidade executiva. Porén, seguirei insistindo neste tema na medida das miñas competencias, tanto con accións puntuais naqueles casos concretos que se presentaren na miña oficina como dirixíndome ao profesorado e, especialmente, aos órganos de goberno competentes na materia, na liña que pode vostede apreciar da lectura das memorias anuais presentadas perante o Claustro e dos documentos que lle achego xunto a este correo.

Desde a nosa oficina faremos unha nova prospección de guías docentes en diversos centros e insistiremos perante os seus decanos/directores para que velen pola efectividade do dereito que asiste ao alumnado a compatibilizar os estudos con outras actividades.

A interesada agradece a resposta e pídeme que, por favor, non desista.

**CASO 639/416** Data 18/07/2016

Reclamante: Alumna	Motivo	Considera que a cualificación que lle foi outorgada nunha materia, e ratificada tras a oportuna reclamación, non era a que lle correspondía.
Inicio: 19/07/2016	Actuacións	Normativa.
Remate: 22/07/2016	Resolución	<p>Vista a normativa de aplicación e unha vez analizada a guía docente e a documentación remitida pola propia reclamante (incluíndo o informe dos membros da comisión do departamento encargada de informar sobre a reclamación da cualificación), o 19/07/2016 remito un detallado escrito á reclamante en que lle amoso que non aprecio tachas en cuestións de procedemento nin inadecuación dos criterios de avaliación ao recollido na guía docente da materia, e indícolle que tanto a resolución como os informes que lle foron comunicados polo decano parecen suficientemente motivados.</p> <p>Recomendo á reclamante que, en calquera caso, se considera que dispón de argumentos e evidencias suficientes como para poder sustentar que a cualificación que lle foi outorgada no exame final está claramente por debaixo da que lle correspondería, presente un recurso de alzada, e comunícolle que, dado que o que se estaría a dirimir coa presentación dese recurso non parece ser unha cuestión de procedemento senón de contido especializado, penso que o recurso só podería prosperar se é quen de argumentar detalladamente que o exame lle foi incorrectamente avaliado, contrariamente ao alegado pola profesora e ao informe da comisión do departamento. Aconséllolle por iso que, en caso de decidirse a presentar o recurso de alzada, solicite copia do seu exame para poder fundamentalo adecuadamente.</p> <p>A reclamante solicita entrevista e o 22/07/2016 acode coa súa nai á nosa oficina. Tras falar abertamente sobre os diferentes detalles do procedemento, analizando de novo polo miúdo o exposto no escrito que lle remitira á alumna o 19/07/2016, agradecen as explicacións pero seguen a cuestionalo e a considerar que a cualificación que lle correspondería é moi superior á que lle outorgaron e anuncian a presentación dun recurso de alzada.</p>

**CASO 640/417** Data 20/07/2016

Reclamante: PDI	Motivo	Sinala que con ocasión dunha reunión do departamento en que se trataba un cambio no POD debido a unha situación de baixa médica, unha compañeira do departamento puxo en cuestión a veracidade desta, é dicir, a súa honradez.
Inicio: 28/07/2016		
Remate: 10/10/2016		<p>Considera falsa e que non precisa máis comentarios a afirmación que figura na acta da devandita reunión, na que se recolle: "Con motivo do primeiro parte de confirmación da situación de incapacidade laboral da profesora ***, actualmente por un mes, é preciso modificar o POD do profesorado da Área ***. Os outros dous profesores da Área, *** e ***, desexan facer constar o seu malestar coa situación creada pola baixa da profesora ***, que se repite por terceiro ano consecutivo ao inicio do segundo cuadrimestre".</p> <p>Sinala que, tras dirixir un escrito ao director do departamento en que se solicita que se inclúa na orde do día dun consello un punto no que se recolla a súa petición de solicitar aos ditos profesores que ratifiquen ou rectifiquen tales afirmacións, o profesor *** explicou a súa postura, tanto persoalmente como mediante correo electrónico enviado ao director do departamento e considera as súas explicacións completamente satisfactorias; en canto á profesora, comenta que, aínda que subscribiu posteriormente ese mesmo escrito, tamén mediante correo electrónico enviado ao director do departamento, non pode aceptar as "súas" desculpas tendo en conta que a súa actuación no consello foi totalmente distinta e que hai frases do escrito do profesor que ela non pode subscribir por seren contraditorias coa súa conduta no dito consello e que "chove sobre mollado". Así, na reunión do consello na que se tratou deste asunto a requirimento seu, á cal a profesora non asistiu, pediu que constase en acta que a pesar de que se lle deu a oportunidade de rectificar non o fixo.</p>

Cualifica o incidente de lamentable e moi desagradable, e sométeo á consideración do valedor universitario por se considerar que unha situación deste tipo merece algunha actuación deste órgano.

---

Actuacións Dirección do departamento

---

Resolución O 28/07/2016 remito un oficio ao director do departamento para informalo da queixa e solicitarlle documentación e información ao respecto. Ese mesmo día remito, tamén, un escrito á profesora cuxo comportamento foi cuestionado para informala igualmente do escrito de queixa, así como do oficio remitido ao director do departamento, ao tempo que lle manifesto o meu desexo de falar abertamente con ela sobre todo o asunto, para coñecer a súa opinión e na procura dunha solución satisfactoria que facilite a convivencia no seo do departamento; coméntolle, así mesmo, que, en calquera caso, se con anterioridade á recepción da documentación do departamento desexa ou prefire remitirme un escrito de alegacións pode enviarmos cando o considere oportuno.

Dentro do prazo estipulado, recibo a información e a documentación solicitada. No seu escrito de alegacións, a profesora pon en cuestión, de maneira argumentada, a pertinencia da intervención do valedor no caso, para rematar solicitando que archive a queixa ou, no seu defecto, que pida unha determinada documentación que me indica, relativa aos partes de baixa e alta, e ao encargo e a actividade docente, e que declare entón que o malestar está xustificado e ampare o dereito a expresalo ante o Consello de Departamento ou calquera outra instancia.

No informe emitido sobre o caso, o 10/10/2016, recóllese unha serie de consideracións sobre a admisión a trámite e, tras indicar, entre outros, que calquera situación de conflito que fose tratada no seo dun departamento universitario cabe presumir, a priori, que transcende do ámbito persoal e pode ser sometida á consideración do valedor universitario, analízase a información remitida polo director do departamento.

A resposta do profesor ao director do departamento recolle: «La mención que se hace en el acta sobre el “malestar de la situación” debe entenderse en el contexto de algunos comentarios hechos coloquialmente en ese punto de la reunión sobre las implicaciones para nosotros (los profesores afectados por la docencia del área) de un nuevo reparto urgente de la docencia, cambios de horario y agenda, atención inmediata a los alumnos, etc. Entiendo que esa debería ser la interpretación del ‘malestar’ que menciona en el acta, ya que no ponemos en duda la honradez de la profesora \*\*\* ni de su baja médica, ni por supuesto presentamos en la reunión ninguna queja formal (ni escrita ni verbalmente, al menos por mi parte) sobre la honradez de la persona de la profesora \*\*\* ni sobre su situación de baja médica»

Pola súa parte, a resposta da profesora cuxo comportamento é cuestionado concrétese no seguinte texto enviado ao director do departamento pouco despois do remitido polo profesor: “Súmome á resposta proporcionada polo profesor \*\*\*, e prégoille que faga o que estea na súa man para que con isto se dea por rematada a cuestión”

Á vista destas respostas, conclúo que “aínda entendendo que, en función da información que lle puidese ter chegado por algún membro do consello do departamento que asistiu á reunión do \*\* de \*\*\*, a profesora \*\*\* puidera cuestionar que a profesora \*\*\* non podía subscribir todo o texto recollido na aclaración enviada polo profesor \*\*\*, a realidade é que o contido dese escrito, incorporado ás actas da reunión do consello de departamento de \*\* de \*\*\* de 2016, borra toda posible sombra ou traza de dúbida sobre a honorabilidade da profesora \*\*\* nas actas do consello de departamento, polo que entendo que o asunto foi tratado convenientemente no seo do departamento e o caso pode darse por pechado, cando menos no ámbito académico.”

O informe remata coas seguintes consideracións:

*“A profesora \*\*\* pode ter a súa opinión persoal sobre a necesidade e a oportunidade ou non dos períodos de baixa médica e reincorporación ao traballo da profesora \*\*\*, pero parece prudente que, salvo que dispoña de probas que*



*puidesen chegar a converter as súas sospeitas en certeza, se absteña de facer calquera tipo de manifestación pública ao respecto.*

*Pola súa banda, á profesora \*\*\* asístelle todo o dereito a defender a súa honra cando considere que foi posta publicamente en interdito. Porén, penso que, con independencia de cal poida ser o contido do manifestado verbalmente pola profesora \*\*\* a respecto dos seus períodos de baixa, o escrito de aclaracións subscrito por ela, cuxo contido se recolle nas actas da reunión do consello de departamento de \*\* de \*\*\* de 2016, disipa calquera sombra de dúbida a respecto do recollido nas actas do departamento de \*\*\* en relación coa súa honorabilidade.*

*Pido a ambas as partes un pequeno esforzo suplementario de contención e xenerosidade polo ben da convivencia no seo do departamento."*

## CASO 641/418 Data 26/07/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 26/07/2016

Remate: 27/07/2016

Motivo

Relata como a pesar de intentar poñerse en contacto co titor do seu TFM mediante o envío dalgúns correos electrónicos e whatsapp entre os meses de abril e xuño, non recibe resposta ningunha, polo que se decide a elaborar o traballo pola súa conta.

Cando se aproxima a data límite para a sinatura do informe do titor, decide volver escribirlle e segue sen obter resposta. Contacta, entón, coa coordinadora do mestrado e o titor envíalle un correo electrónico en que lle solicita ver o traballo. Remítelle un dos borradores finais coa advertencia de que non se trataba da versión final e que aínda quedaban varios días para a data de entrega. Con posterioridade a ese envío, remata o traballo sen que, entre tanto, volva ter noticias do seu titor. Aínda así, decide escribirlle novamente para saber se precisaba facer algunha mellora nos días que restaban para a entrega. A pesar de non contar co pronunciamento do titor, o 25 de xullo (día festivo en que remataba o prazo de entrega dos TFM) remite o traballo completo por medio do correo electrónico para que quede constancia de que o entregou en prazo.

O 26 de xullo, cando só faltaban dous días para a defensa dos TFM, programada para o día 28, decide enviar unha nova mensaxe ao titor e contacta coa coordinadora. Do primeiro non obtén resposta e a segunda comúncalle que quedara estrañada cando recibira o seu traballo final o día 25, pois o titor lle comentara que non daba a súa aprobación para a defensa do TFM, xa que cando el o revisara faltaba un apartado.

Tras recalcar que nunca xamais lle foi posible ter unha titoría co seu titor e que este nunca lle respondeu aos seus intentos de contactar con el, solicita o amparo do valedor universitario para poder defender o seu TFM o 28 de xullo.

Actuacións Normativa

Resolución A alumna non menciona en ningún momento de que mestrado se trata, nin os nomes da coordinadora e do titor, e non achega ningunha documentación en apoio dos seus argumentos. Porén, ao tratarse dun asunto urxente e que, de corresponderse co relato da alumna, podería implicar un serio deixamento de responsabilidades que cumpriría corrixir de inmediato na procura dunha solución satisfactoria para a afectada, o 27 de xullo ás 11:50h remítolle un correo electrónico para informala do seu dereito a unha tutela efectiva do seu traballo, recoméndolle contactar de urxencia coa dirección do seu centro, pedir ser recibida para aclarar todo o sucedido en compañía da coordinadora do mestrado e do titor do TFM e levar con ela toda a documentación da que dispoña en defensa dos seus argumentos. O correo remata aconsellándoa de que en caso de que finalmente non consiga resolver a situación e considere que se están a vulnerar os seus dereitos, presente unha reclamación formal ante o/a decano/a ou director/a do centro, e que, de selo caso, e de non considerar axeitada a resolución, acuda de novo á nosa oficina, quer a modo de consulta, quer mediante a presentación dunha queixa formal.

**CASO 642/419** Data 29/07/2016

Reclamante: Alumna

Inicio: 29/07/2016

Remate: 29/07/2016

Motivo

A pesar de que o peche oficial de actas remataba o 22 de xullo, o día 29 seguen sen actualizar as notas dunha materia, manténdose a nota acadada no primeiro cuadrimestre. Isto súmase ao feito de que o día fixado para o exame da oportunidade de xullo (27 de xuño) nin o coordinador desa materia, nin ningún outro profesor do departamento compareceron no exame, o que levou á fixación de dúas datas alternativas para elixir, ambas coincidentes con exames oficiais doutras materias.

Actuacións

Administración e dirección do centro.

Resolución

O propio día 29 de xullo coméntannos desde a administración do centro que as actas foran inicialmente pechadas, pero que tiveran que ser reabertas para proceder a unha modificación puntual, de modo que quedaron pendentes da sinatura dun profesor. A media mañá comprobamos que, tal e como nos anunciáran, se procedeu ao peche definitivo das actas.

Como queira que os dous asuntos denunciados estaban xa resoltos, limitámonos a informar á alumna e a enviarlle un escrito ao director do centro co único fin de solicitarlle que, na medida do posible, se reforcen as medidas de carácter preventivo: "...Comprendo perfectamente que poden darse circunstancias sobrevidas que poden chegar a xerar, involuntariamente, serios problemas para o alumnado, e así llo transmitín verbalmente ao alumno, ao comunicarlle a información recibida. Aínda que a normativa prevea como poñer remedio a todo ese tipo de situacións, unha vez que se producen, en ocasións pode resultar doado reforzar as medidas para tratar de evitar que cheguen a producirse (ex.: que non só dispoña das preguntas do exame o profesor responsable, especialmente cando hai máis profesores que participan na docencia da materia)..."

**CASO 643/420** Data 31/08/2016

Reclamante: Alumno

Inicio: 01/09/2016

Remate: 01/09/2016

Motivo

No centro notificanlle que debe pagar 30 euros de recargo polo atraso nun pagamento de 5,91 euros. Argumenta que o último día do prazo os bancos estaban pechados por ser sábado e que carecía de tarxeta (a outra opción de pagamento), polo que solicita a anulación do recargo.

Actuacións

Normativa.

Resolución

Indícaselle que ademais de que a Normativa de xestión académica para o curso 2016/2017 recolle explicitamente que "No caso de elixir o pagamento íntegro, este deberá efectuarse no prazo común dos dez días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula, nos prazos establecidos para esta" (art. 13.3), no impreso de taxas de matrícula figura que debe ingresarse o importe da matrícula na entidade bancaria no prazo que se indica (17/08/2016 a 27/08/2016 no seu caso). Comunicaselle, tamén, que os recargos os aproba o Consello Social da Universidade e que a cantidade a aboar non depende do importe da débeda, senón que é unha cantidade fixa en concepto de gastos de xestión.

# ANÁLISE DE DATOS <sup>1</sup>

Nesta sección inclúese unha pequena análise de datos sobre os casos presentados durante o curso académico 2015/16, apoiada por un pequeno soporte gráfico que permita ver facilmente a tipoloxía e a distribución dos casos por colectivos, órganos e servizos.

- Non todas as consultas que chegan á Oficina do Valedor Universitario teñen a súa orixe nunha falla de atención por parte do centro ou do servizo ao que correspondería dar resposta.

- Non todas as queixas ou reclamacións que se presentan na Oficina responden necesariamente a unha mala actuación do órgano ou servizo contra o que se reclama.

- Aínda que boa parte da normativa que é de aplicación nos centros ten un carácter universal, os centros e os departamentos poden presentar unha certa especificidade en función do tipo de estudos que neles se impartiren.

- En cada centro estase a impartir un determinado número de títulos de grao e posgrao que pode diferir moito duns centros a outros.

Para unha correcta interpretación dos resultados que aquí se presentan, cómpre ter en mente as seguintes consideracións:

- O número de estudantes, PDI e PAS varía considerablemente segundo o centro.

- O número e as funcións do PAS varían considerablemente segundo o servizo.

- O grao de vinculación dos servizos centrais coas vicerreitorías en que se integran é moi diverso, polo que con frecuencia é difícil deslindar responsabilidades ante determinadas queixas ou reclamacións. Así, no tratamento de datos sobre casos relacionados cos servizos centrais e/ou as vicerreitorías, procederemos á súa agrupación por vicerreitorías. Así mesmo, dado que en xaneiro de 2016 tivo lugar un cambio de denominación e de competencias dalgunhas vicerreitorías, para o tratamento de datos, os casos anteriores a esa data vinculáronse ás novas vicerreitorías con base nas competencias actuais.

<sup>1</sup> Moita da información de base á que aquí se fai referencia pódese consultar na Memoria do reitor do ano 2015 ([http://www.udc.es/cifras/memorias\\_xestion/memoria2015.html](http://www.udc.es/cifras/memorias_xestion/memoria2015.html))

## DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR COLECTIVOS

82 **72%**

ESTUDANTES

18 **16%**

PDI

1 **1%**

PAS

12 **11%**


ALLEOS

2

VALEDOR UNIVERSITARIO

**115**

TOTAL



## DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CAMPUS

103 **90%**


A CORUÑA

12 **10%**

FERROL

**115**

TOTAL



## DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR COLECTIVOS

58 **73%**

ESTUDANTES

12 **15%**

PDI

1 **1%**


PAS

9 **11%**

ALLEOS

**80**

TOTAL



## DISTRIBUCIÓN DE QUEIXAS POR COLECTIVOS

24 **73%**

ESTUDANTES

6 **18%**

PDI

0 **0%**

PAS

3 **9%**

ALLEOS

2

VALEDOR UNIVERSITARIO

**35**

TOTAL




# DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR SEXO

## CONSULTAS

	M	H
ESTUDANTES	29	29
PDI	7	5
PAS	0	1
ALLEOS	2	7
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>	<b>42</b>

## QUEIXAS

	M	H
ESTUDANTES	16	8
PDI	3	3
PAS	0	0
ALLEOS	2	1
<b>TOTAL</b>	<b>21</b>	<b>12</b>




- ESTUDANTES
- PDI
- PAS
- ALLEOS

# DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÁREA TEMÁTICA


( C ) CONSULTAS  
( Q ) QUEIXAS

ÁREA TEMÁTICA	ESTUDANTES		PDI		PAS		ALLEOS	
	C	Q	C	Q	C	Q	C	Q
Acceso, taxas e xestión académica	14	8	0	0	0	0	5	1
Validacións, adaptacións e recoñecementos	2	1	0	0	0	0	1	0
Organización e actividade docente	7	2	2	1	0	0	1	0
Exames e criterios de avaliación	10	4	1	0	0	0	1	0
Organización e actividade investigadora	0	0	0	0	0	0	0	0
Bolsas e axudas ao estudo	3	2	0	0	0	0	0	0
Oposicións, concursos e contratos	0	0	1	0	0	0	0	1
Comportamento	2	1	3	1	1	0	0	0
Infraestrutura e funcionamento dos servizos	2	2	0	2	0	0	0	1
Procedementos e recursos	13	4	5	2	0	0	0	0
Outros	5	0	0	0	0	0	1	0
<b>TOTAL</b>	<b>58</b>	<b>24</b>	<b>12</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>3</b>

## CONSULTAS




## QUEIXAS




# DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CENTROS

	CONSULTAS	QUEIXAS
Escola Politécnica Superior	2	1
ETS de Arquitectura	4	0
ETS de Camiños, Canais e Portos	3	2
ETS de Náutica e Máquinas	1	1
EU de Enfermaría	4	0
EU de Arquitectura Técnica	5	1
EU Politécnica	1	0
EU de Relacións Laborais	0	1
Facultade de Ciencias	4	0
Facultade de Ciencias da Educación	8	3
Facultade de Ciencias da Saúde	0	1
Facultade de Ciencias da Comunicación	1	0
Facultade de Ciencias do Deporte e a EF	4	2
Facultade de Ciencias do Traballo	0	1
Facultade de Dereito	2	1
Facultade de Economía e Empresa	5	2
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	2	1
Facultade de Filloxía	4	0
Facultade de Fisioterapia	2	0
Facultade de Humanidades e Doc.	6	0
Facultade de Informática	4	0
<b>TOTAL</b>	<b>62</b>	<b>17</b>




## DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA

	CONSULTAS	QUEIXAS
Reitor	2	1
Secretaría Xeral	1	2
Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria	2	3
Vicerreitoría de Investigación e Transferencia	0	1
Vicerreitoría de Económica, Infraestruturas e Sustentabilidade	0	0
Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	1	0
Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación	1	1
Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente	11	7
Xerencia	0	3
<b>TOTAL</b>	<b>18</b>	<b>18</b>






# DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS




# TEMPO DE RESOLUCIÓN DOS CASOS

1 A 7 DÍAS	<b>90</b>	<b>78%</b>
7 DÍAS A 1 MES	<b>15</b>	<b>13%</b>
1 A 3 MESES	<b>6</b>	<b>5%</b>
+ 3 MESES	<b>4</b>	<b>4%</b>



# NÚMERO DE ACTUACIONES POR COLECTIVO E CURSO ACADÉMICO

	2010 / 2011	2011 / 2012	2012 / 2013	2013 / 2014	2014 / 2015	2015 / 2016
ESTUDANTES	65	93	95	105	113	82
PDI	5	6	13	13	25	18
PAS	4	7	8	2	5	1
ALLEOS	5	14	11	8	6	12
VALEDOR UNIVERSITARIO	0	1	1	2	1	2
<b>TOTAL</b>	<b>79</b>	<b>121</b>	<b>128</b>	<b>130</b>	<b>150</b>	<b>115</b>



# RECOMENDACIONES/ SUXESTIÓNS

Da análise dalgunhas das queixas derivanse recomendacións ou suxestións a distintos órganos ou servizos, aos que se lles solicita o seu concurso, ben para que velen polo cumprimento das normas, ben para que procedan á súa adaptación ou mellora (así acontece nos casos 610/387, 612/389, 613/390, 619/396, 620/397, 621/398, 625/402, 626/403, 629/406, 633/410 e 642/419).

## OBXECTIVOS

O fin último de todo valedor universitario está claramente recollido na lexislación e na normativa vixentes: velar pola defensa dos dereitos e liberdades de todos os membros da comunidade universitaria e pola calidade universitaria en todos os ámbitos. Son, pois, as prioridades e o modo de abordar estes obxectivos os que cómpre salientar neste apartado. Así, ao longo do curso académico 2016/17, poremos o foco esencialmente en:

a) Seguir defendendo e impulsando, mediante intervencións concretas e suxestións ou recomendacións aos órganos de goberno competentes, o dereito do alumnado a dispoñer dunhas guías docentes completas e coherentes nas que se recollan axeitadamente os criterios para unha avaliación completa e xusta nas dúas oportunidades de avaliación de cada convocatoria para cada materia.

b) Seguir defendendo e impulsando o dereito do alumnado a tempo parcial a gozar dunhas condicións específicas de seguimento e avaliación das materias que se recollan axeitadamente nas guías docentes e que fagan efectivamente posible o exercicio do seu dereito a estudar baixo esa condición, claramente recoñecida e tipificada na lexislación vixente.

c) Incidir na defensa da cultura da transparencia en todos os ámbitos e especialmente no que se refire á rendición de contas: facilidade de acceso a toda a documentación que forme parte dun procedemento administrativo cando sexa requirido pola persoa interesada, motivación clara e detallada de todas as resolucións, publicidade en aberto dos resultados da avaliación de todas as materias nas diferentes titulacións...

d) Colaborar para que a Universidade da Coruña siga a profundar no apoio e a defensa das persoas e colectivos máis vulnerables: visibilidade na páxina web das normas e procedementos aos que poden acollerse en caso necesario, protección de datos, apoio institucional (psico-pedagóxico, asesoramento e/ou acompañamento letrado)...

e) Continuar pulsando a opinión e ofrecendo o apoio e a colaboración necesarios ás persoas representantes do alumnado en diferentes órganos de goberno, en defensa dos dereitos e liberdades deste colectivo.

# PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO

A memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico 2015/16, xunto cos obxectivos para o curso 2016/17, foi posta a disposición dos claustrais cunha semana de antelación a que tivese lugar a sesión do Claustro, o 14 de decembro de 2016.

A presentación consistiu nun sucinto comentario dos principais datos de xestión relativos ás consultas e queixas por colectivos, campus, sexo, área temática, centros e órganos de goberno da Reitoría, da súa distribución temporal ao longo do curso e mais do tempo investido na súa resolución.

Tras salientar un lixeiro descenso tanto en número de consultas como en número de queixas a respecto dos últimos cursos, nun curso que apenas se viu afectado por cambios normativos, fíxose unha breve referencia ás principais recomendacións e suxestións realizadas a diferentes órganos de goberno durante o curso 2015/16 e presentáronse os obxectivos para o curso 2016/17.

A publicación nas guías docentes duns criterios de avaliación completos e xustos nas dúas oportunidades de avaliación, ben como de condicións específicas de seguimento e avaliación das materias que fagan efectivamente posible o exercicio do dereito do alumnado a cursar os seus estudos a tempo parcial, sinálase como un obxectivo que, lamentablemente, ten que seguir a consignarse ano tras ano, en boa medida pola desidia dos órganos de dirección dalgúns centros e departamentos e dunha parte do seu profesorado.

Aínda que a xestión da web permitiulle á UDC acadar unha puntuación que a sitúa no primeiro terzo das universidades españolas máis transparentes [Informe de transparencia na web das universidades públicas españolas 2014 elaborado pola Fundación Compromiso y Transparencia (2015)], anímase a seguir avanzando pola vía da transparencia, en paralelo coas elevadas esixencias que se recollen na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Neste senso, e dado que os resultados globais das avaliacións das diferentes materias constitúen un elemento esencial no rendemento de contas de toda institución docente, solicítase expresamente a súa publicación na web con carácter obrigatorio. As Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos

estudos de grao e mestrado universitario xa o recollen con carácter potestativo: “A UDC poderá facer públicos datos estatísticos dos resultados de avaliación de cada materia por curso académico, que incluírán polo menos o número de estudantes matriculados, presentados e que superaron a materia” (Art. 39).

A presentación da memoria remata cunha chamada do valedor universitario á reflexión e ao apoio explícito dos claustrais e dos diferentes órganos de goberno presentes na sesión para poñer fin ao que considera unha perda paulatina de dereitos e liberdades dos diferentes sectores da comunidade universitaria, que mesmo están a xogar claramente en contra da calidade universitaria. A este respecto, comenta:

I.- Aínda tendo moi presente que os recursos públicos son limitados e que deben ser xestionados con aproveitamento, entendo que, dentro do marco xeral de permanencia do alumnado na titulación xa establecido (rendemento esixido nun determinado período de tempo), queda marxe abonda para a recuperación de importantes liberdades (e paralelamente de responsabilidades) para este colectivo, facilitándolle ou posibilitándolle a compaxinación dos seus estudos universitarios con outras actividades (formativas, sociais...) ou con importantes necesidades (traballo, coidado de familiares...). Así,

a) Por que non deixar maior liberdade ao alumnado de continuación de estudos para que se matricule en cada curso do número de créditos que cre estar en condicións de superar, poñendo realmente o foco no aproveitamento dos recursos investidos máis que na recadación por segundas e sucesivas matrículas?

b) Por que obrigar ao alumnado a matricularse de todas as materias de formación básica e obrigatorias suspensas de cursos previos, incluídas aquelas en que se producen suspensos masivos, cos correspondentes prexuízos económicos para os repetidores e académicos para todo o alumnado como consecuencia da masificación?

c) Por que non deixar unha marxe para a excepcionalidade nos requisitos de acceso á condición de estudante a tempo parcial que permita contemplar determinadas situacións perentorias que non sempre poden documentarse dun xeito estritamente formal?

II.- A conciliación do traballo do PDI coa vida familiar (ou simplemente coa vida!) estase a ver seriamente afectada, nos últimos tempos, cun continuo cambio das regras do xogo, que está a acadar o seu máximo expoñente coa publicación dos novos criterios de acreditación para os corpos docentes. O incremento das esixencias, a súa disparidade en función do ámbito de coñecemento, e un maior grao de discrecionalidade crean situacións que en nada favorecen a unha suposta mellora da calidade universitaria.

Cada vez pídese máis por menos. Estase a someter ao profesorado a unha especie de esquizofrenia que en absoluto beneficia á calidade docente e que mesmo pode coartar seriamente a innovación na investigación.

Os camiños polos que transita o PDI na procura de estabilidade ou de progreso no seu posto de traballo son cada vez máis tortuosos, cambian ostensiblemente a cada riada e están cheos de encrucilladas. A quen os transita na procura dunha destas dúas metas non lle queda tempo para a reflexión, e sen reflexión non se fai Universidade.

III.- Un cadro de persoal excesivamente aquilado, con escasa participación no goberno directo da universidade, cunha perda progresiva de dereitos sociais, e a escaseza ou a falla de protocolos nalgúns servizos e administracións están a minguar os dereitos e as liberdades do PAS, peza chave no mantemento e na mellora da calidade universitaria.

# GASTOS NA OFICINA DO VALEDOR UNIVERSITARIO (2016)

ANEXO 1

CRÉDITO INICIAL	<b>4.500,00</b>
Gastos de funcionamento	225,00
Axudas de custo	553,35
Gastos de viaxe	956,78
TOTAL GASTOS	<b>1.735,13</b>

La Conferencia Estatal de Defensores Universitarios, reunida en su XVIII Asamblea en la Universidad Europea en Madrid, los días 4, 5 y 6 de noviembre de 2015, quiere manifestar su preocupación por la falta de seguridad jurídica con la que nos encontramos en nuestras Universidades para identificar el marco normativo regulador de la convivencia y el catálogo de las conductas constitutivas de infracción, el procedimiento para afrontar los conflictos personales e institucionales que se producen, así como los medios existentes para ponerles fin.

Esta situación es la consecuencia inmediata de dos hechos. Por una parte, de que cinco años después, la Disposición Adicional Segunda del Real Decreto 1791/2010, de 30 de diciembre, por el que se aprueba el Estatuto del Estudiante Universitario, no haya sido objeto de desarrollo; por lo cual, nuestra institución carece de ley reguladora de la potestad disciplinaria en la que se tipifiquen las infracciones, las sanciones y las medidas complementarias del régimen sancionador para estudiantes de acuerdo con el principio de proporcionalidad, y queda lastrada por la falta de adaptación del procedimiento administrativo sancionador a las especificidades del ámbito universitario. Ambos factores determinan que a día de hoy sea muy difícil garantizar los derechos de defensa del/a estudiante y la eficacia en el desarrollo del procedimiento,

sobre todo cuando se constata que ante la falta de desarrollo normativo de ese Estatuto, se debe seguir recurriendo al Decreto de 8 de septiembre de 1954, por el que se aprueba el Reglamento de disciplina académica de los Centros Oficiales de Enseñanza Superior y de Enseñanzas Técnica, con la enorme distorsión que supone la constante actualización y la necesaria "constitucionalización" de sus –en muchos casos– autoritarias previsiones.

Pero por otra parte, la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, tras la modificación que recientemente ha sufrido por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, sigue remitiéndose a una ley de desarrollo del mismo que venga a unificar en su interior el catálogo de infracciones graves y leves, lo que determina que, a día de hoy, exista un único listado de infracciones disciplinarias muy graves para el personal de la Universidad (sea laboral o funcionario) y que, sin embargo, tengamos que recurrir a los convenios colectivos (para el personal laboral –PDI o PAS–) o al ya viejo Real Decreto 33/1986, de 10 de enero, por el que se aprueba el Reglamento del Régimen Disciplinario de los Funcionarios de la Administración del Estado para liquidar la responsabilidad disciplinaria de los/as funcionarios/as públicos/as (PDI o PAS).

Ante esta situación, la Conferencia Estatal de Defensores Universitarios

QUIERE MOSTRAR su preocupación por la falta de una normativa acorde con nuestra sociedad y con nuestra Universidad que venga a regular la convivencia, en el seno de nuestras Universidades, de los colectivos de Personal de Administración y Servicios, Personal Docente e Investigador y Estudiantes,

E INSTA a los GRUPOS PARLAMENTARIOS a que se comprometan en la próxima legislatura a elaborar el Reglamento de desarrollo del Estatuto del Estudiante


Universitario –cumpliendo de esta forma con retraso el compromiso adquirido en 2010–, así como a aprobar la ley que venga a regular el catálogo de infracciones graves y leves y sus correspondientes sanciones cuando de empleados/as públicos se trate.

Con ello, contribuiríamos a generar seguridad jurídica en la Universidad y a facilitar la convivencia.

En Madrid, a 6 de noviembre de 2015



Secretaria  
Elena Battaner Moro



Presidente  
José Manuel Palazón Espinosa

(Aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro)

### CAPÍTULO VI **DO VALEDOR UNIVERSITARIO**

#### **Artigo 103**

1. O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria.

2. O valedor universitario será nomeado, entre os membros da comunidade universitaria, polo claustro universitario, por maioría absoluta dos seus membros, cada catro anos. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas.

3. O valedor universitario non estará sometido a mandato imperativo ningún e actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano universitario.

#### **Artigo 104**

1. Correspóndelle ao valedor universitario:

Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento.

Demandar das distintas instancias universitarias cando a información considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

Elaborar cantos informes lle sexan solicitados ou considere oportuno emitir en relación coas actuacións en curso.

Efectuar as propostas que considere axeitadas para a solución dos casos que sexan sometidos ao seu coñecemento.

2. O valedor universitario non poderá actuar en relación con actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que se interpuxese recurso administrativo ou xurisdiccional.

3. O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas.



# REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## ANEXO 4

Aprobado polo Claustro na súa sesión  
do día 5 de maio de 2006

### Preámbulo

En cumprimento do establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro) e no artigo 104.1.a) do Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG número 100, de 26 maio 2004), polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, a presente disposición normativa, aprobada polo Claustro da Universidade na súa sesión de 5 de maio do 2006, ten como finalidade regular a figura do valedor universitario como órgano independente encargado da defensa e da protección dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, e cuxas actuacións están sempre dirixidas a mellorar o funcionamento da Universidade da Coruña como servizo público.

### Título I Disposicións xerais

#### Artigo 1

O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da Universidade da Coruña e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, mais sempre que así for requirido de común acordo polas partes implicadas.

#### Artigo 2

Na Universidade da Coruña, o valedor universitario, para os efectos de protocolo e de complemento retributivo, será equiparable a vicerreitor. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas coa Universidade.

#### Artigo 3

1. No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.

2. Co fin de mellorar a calidade universitaria en todos os seus ámbitos, o valedor universitario cumpre as funcións que ten encomendadas con independencia, con obxectividade e con autonomía no marco que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o resto do ordenamento xurídico.

3. A Universidade da Coruña garante a protección e o abeiro do valedor universitario por razón das súas actuacións. Ao valedor universitario non se lle poderá abrir un expediente nin se lle poderá sancionar por causa das opinións expresadas ou das accións realizadas no exercicio das súas funcións.

### Título II Elección, nomeamento e cesamento do valedor universitario

#### Artigo 4

1. O valedor universitario será elixido polo Claustro da Universidade entre os membros da comunidade universitaria de recoñecida probidade e imparcialidade.

2. A duración do seu mandato será de catro anos e será posible a súa reelección consecutiva por unha soa vez.

#### Artigo 5

1. En representación do Claustro, a coordinación do proceso de elección do valedor universitario recae na Mesa do Claustro.

2. Por instancia da Mesa do Claustro, a elección do Valedor Universitario será convocada publicamente polo reitor nos dous meses inmediatamente anteriores á expiración do mandato do valedor universitario.

3. A convocatoria, que será comunicada a todos os membros do Claustro, establecerá a data e o lugar da votación, que deberá ter lugar 30 días lectivos despois da súa publicación. Na convocatoria publicarase tamén o

censo actualizado dos membros do Claustro e o calendario electoral.

## Artigo 6

1. As candidaturas deberán estar secundadas, como mínimo, por 15 claustrais.

2. Na candidatura deberá facerse constar o nome e os apelidos da persoa que se presenta como candidata, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte e o centro ao que pertence e a súa sinatura de aceptación da candidatura. Igualmente, debe facerse constar o nome e os apelidos dos/as claustrais que presentan a candidatura, o sector e o centro ao que pertencen e a sinatura de cada unha delas.

3. O prazo de presentación de candidaturas será de oito días lectivos desde a publicación da convocatoria.

## Artigo 7

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Mesa do Claustro procederá, no prazo máximo de tres días lectivos, a realizar a proclamación provisoria de candidatos.

2. Dentro do prazo de tres días lectivos a partir da data de proclamación provisoria de candidatos, poden presentarse reclamacións ou solicitudes de rectificación mediante un escrito dirixido á presidencia da Mesa do Claustro. As reclamacións e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días lectivos, que se contarán desde a finalización do prazo de súa presentación.

3. Se non se presentaren reclamacións nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Mesa do Claustro procederá á proclamación definitiva de candidatos.

## Artigo 8

1. A elección efectuarase por votación secreta dos claustrais.

2. Será elixido valedor universitario o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro en primeira volta.

3. No caso de varias candidaturas, se ningunha das persoas candidatas obtiver esa maioría, a Mesa do Claustro proclamará os dous candidatos máis votados e anunciará o día e a hora da segunda volta, que deberá ter lugar cando transcorran dous días lectivos desde a primeira volta. Será proclamado candidato electo en segunda votación o que obtiver o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro.

4. O reitor nomeará como valedor universitario a persoa candidata que resulte elixida.

## Artigo 9

1. O valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:

a) Por propio pedimento.

b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en funcións ata que o Claustro elixa quen o vai suceder.

c) Por deixar de ser membro da Universidade da Coruña.

d) Por morte ou por incapacidade sobrevida para desempeñar as súas funcións.

e) Por moción de dúas terceiras partes do Claustro tras proposta do vinte por cento dos claustrais no caso de incumprimento das súas obrigas e dos seus deberes inherentes ao cargo. A solicitude de cesamento dirixida á Mesa do Claustro deberá indicar as causas polas que este se solicita, os nomes e os apelidos das persoas solicitantes, os números dos seus documentos oficiais de identidade ou pasaportes, o sector e o centro ao que pertenceren.

Por instancia da Mesa do Claustro, o reitor convocará nun prazo non superior a quince días lectivos, que hai que contar desde a presentación da solicitude de cesamento, unha sesión claustral que terá como único punto da orde do día a solicitude de cesamento do valedor universitario e enviará aos claustrais a proposta de cesamento.

Nesta sesión claustral intervirán unha das persoas solicitantes do cesamento e o valedor universitario, por unha soa vez e durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Claustro, que deberá serlles comunicado cun mínimo de sete días lectivos de antelación á realización desta sesión claustral. Finalizadas as súas intervencións, votarase a proposta de cesamento. Será necesario o voto das dúas terceiras partes dos membros do Claustro para que esta prospere. Se a proposta de cesamento prosperar, convocarase o proceso electoral previsto neste regulamento no prazo máximo dun mes, mais, se non prosperar, entón ningunha das persoas asinantes poderá promover unha nova solicitude ata que transcorra un ano desde a votación da primeira.

2. Nos casos de finalización do mandato polas causas a), c) e d) o Claustro Universitario iniciará no prazo máximo dun mes o proceso de elección dun novo valedor universitario de conformidade co procedemento previsto neste regulamento para a elección do valedor universitario. Mentres tanto, actuará como tal o/a catedrático/a en activo de maior idade e con máis antigüidade na

Universidade da Coruña que non desempeñe ningún cargo académico nin de goberno nin de representación. Tamén poderá actuar como tal no caso de que o valedor universitario se atope imposibilitado temporalmente para exercer as súas funcións ou deba absterse de intervir naquelas actuacións en que, como membro da comunidade universitaria, tivese intereses persoais.

### **Título III** **Normas xerais de funcionamento**

#### Artigo 10

O valedor universitario réxese pola Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o presente regulamento.

#### Artigo 11

A condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario.

#### Artigo 12

1. O valedor universitario supervisará as actividades da Universidade dentro dos límites establecidos no artigo 1 deste regulamento e coidará, de oficio ou por instancia de parte, de que fiquen garantidos o pleno respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da Universidade da Coruña, para evitar situacións de indefensión ou de arbitrariedade. En ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.

2. O valedor universitario poderá solicitar da administración universitaria a colaboración que considere axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Os órganos colexiados e unipersoais, así como os diversos servizos da Universidade da Coruña, deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións, dentro do prazo que fixe o valedor. Tamén poderá solicitar asistencia técnica xurídica dentro ou fóra da Universidade, caso de que a precise para a realización das súas funcións.

3. O valedor universitario poderá solicitar a súa asistencia como observador ás sesións de calquera órgano da Universidade, cando el considere que se tratan materias relacionadas coas súas funcións.

#### Artigo 13

A Universidade da Coruña proporcionará ao valedor universitario os medios materiais e persoais necesarios

para o cumprimento dos seus fins. A dotación económica necesaria para o seu funcionamento consignarase, cada ano, nos orzamentos da Universidade da Coruña, tras a proposta razoada presentada polo propio valedor.

### **Título IV** **Procedementos de actuación**

#### Artigo 14

O valedor universitario actúa de oficio ou por instancia de parte en todas as situacións que foren susceptibles de necesitar o seu abeiro. Na tramitación dos procedementos perante o valedor universitario seguiranse todas as garantías previstas legalmente para os procedementos administrativos.

### **Capítulo I** **Por instancia de parte**

#### Artigo 15

1. Calquera membro da Universidade da Coruña que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse, sen ningunha restrición, ao valedor universitario.

2. As reclamacións formularaaas a persoa interesada mediante a presentación dun escrito que conteña o seu nome e os seus apelidos, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte, o sector ao que pertence e o seu domicilio para os efectos de notificación. Nel deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario.

3. O escrito da reclamación presentarase con liberdade de forma, sen prexuízo da existencia de impresos que faciliten a presentación da reclamación por parte das persoas interesadas, que ademais poderán solicitar asesoramento para cubriren os impresos ou presentaren os seus propios escritos de reclamacións.

#### Artigo 16

1. O valedor universitario contará cun rexistro propio, non integrado no sistema xeral de rexistros da Universidade da Coruña, aínda que deberá estar en coordinación con el. Este rexistro terá carácter reservado co fin de garantir a confidencialidade dos asuntos tramitados e, especialmente, a identidade de quen formalice a solicitude de intervención do valedor universitario.

2. O valedor universitario rexistrará e emitirá un xustificante de recepción de todas as reclamacións

presentadas que admitirá ou non, motivadamente, no prazo máximo de quince días hábiles. Non admitirá as reclamacións anónimas, as formuladas con insuficiente fundamento ou inexistencia de pretensión e todas aquelas outras cuxa tramitación prexudiquen dereitos lexítimos de terceiras persoas.

3. Tampouco entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun proceso xudicial ou nun expediente administrativo. E suspenderá calquera actuación se, no transcurso da súa tramitación, se iniciar un procedemento administrativo ou se interpuxer demanda ou recurso perante os tribunais de xustiza.

#### Artigo 17

1. Admitida a reclamación, o valedor universitario adoptará as medidas de investigación que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos, dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano administrativo pertinentes para que, no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar. Se se obviasen tales requirimentos, o valedor universitario informará deles á autoridade universitaria que corresponda para esta proceder en consecuencia.

2. Ademais, durante esta fase de instrución, o valedor universitario poderá acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios, facer as entrevistas persoais debidas ou proceder ao estudo da documentación necesaria. Para tales efectos, terá acceso a todo expediente ou documentación administrativa que teña relación coa investigación, sen prexuízo do que dispoña a lexislación vixente sobre a protección de datos persoais.

3. A información obtida durante a tramitación deste procedemento terá carácter estritamente confidencial.

#### Artigo 18

1. O valedor universitario resolverá no prazo de tres meses desde que foi presentada a reclamación.

2. Deberá notificarlles formalmente a súa resolución ás persoas interesadas. Tamén a comunicará ao órgano universitario afectado, coas suxestións ou as recomendacións que considere convenientes para a emenda, no seu caso, das deficiencias apreciadas.

3. As decisións e as resolucións do valedor universitario non teñen a consideración de actos administrativos e non serán obxecto de ningún recurso. Tampouco son xuridicamente vinculantes e non modificarán por si propias acordos ou resolucións emanadas dos órganos da Universidade da Coruña.

## Capítulo II De oficio

### Artigo 19

Se o valedor universitario tiver coñecemento fidedigno de feitos que puidesen attentar contra dereitos de calquera membro da comunidade universitaria, individual ou colectivamente, ou do mal funcionamento administrativo dalgunha unidade, pode iniciar unha investigación de oficio, de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 deste regulamento, que daría lugar a un informe e que sería remitido ás partes interesadas ou ás autoridades universitarias correspondentes para repararen estes feitos ou erros.

## Capítulo III De mediación e conciliación

### Artigo 20

1. Con aceptación expresa das partes implicadas, o valedor universitario iniciará os actos de mediación e de conciliación conducentes á solución pactada dos conflitos que se produciren entre membros da comunidade universitaria.

2. As solicitudes de mediación e de conciliación formalizaranas as persoas interesadas no Rexistro do valedor universitario mediante escrito asinado polas dúas partes e en que se conteñan os seus datos persoais, os sectores aos que pertencen e os seus enderezos para os efectos de notificación. Nel concretaranse con clarezza os feitos que motivan a solicitude, o alcance da pretensión que se formula e o pedimento mediador ou conciliador que se dirixa ao valedor universitario.

3. O valedor universitario, no desenvolvemento da súa actuación, servirase dos medios que considere adecuados para lograr unha solución pactada do conflito. Os acordos que resultaren da sesión de mediación ou da de conciliación poderán recollese nunha acta que deberá figurar asinada polo valedor universitario e polas persoas que solicitaran a mediación ou a conciliación. Só terán carácter vinculante entre as partes implicadas os acordos adoptados en conciliación.

## Título V Informes e recomendacións

### Artigo 21

1. O valedor universitario poderá presentar perante os órganos colexiados da Universidade da Coruña os informes que entenda oportunos, por iniciativa propia ou cando así sexa requirido por unha quinta parte dos membros do órgano colexiado correspondente.

2. Tamén poderá formularlles aos distintos órganos da Universidade da Coruña recomendacións e suxestións sobre a protección dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, que en ningún caso poderán revisar ou revogar resolucións ou actos administrativos.

## **Título VI**

### **Memoria anual**

#### Artigo 22

1. O valedor universitario presentará nunha sesión do Claustro da Universidade unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña.

2. Na memoria anual non constarán datos persoais que permitan a identificación das persoas interesadas no procedemento de investigación.

3. Para coñecemento da comunidade universitaria, a memoria será divulgada e unha copia desta será enviada a todos os órganos colexiados e unipersoais da Universidade.

## **Título VII**

### **Reforma do Regulamento do Valedor Universitario**

#### Artigo 23

1. A modificación do presente regulamento compete ao Claustro da Universidade da Coruña.

2. A iniciativa para a modificación deste regulamento corresponde ao propio valedor universitario ou a un terzo dos membros do Claustro universitario. A iniciativa deberá ir acompañada da relación detallada dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo.

3. A aprobación da modificación esixirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do Claustro, en sesión convocada para o efecto

### **Disposición derogatoria**

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da Universidade da Coruña, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa e sinaladamente o Regulamento da Comisión de Garantías, aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do 3 de abril de 2002.

### **Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa aprobación polo Claustro. O seu texto darase a coñecer entre a comunidade universitaria a través daqueles medios que garantan a súa difusión. Incluirase igualmente o seu texto nas memorias anuais que elabore o valedor universitario desde ese momento.